

## ***IV. DÍA DAS LETRAS GALEGAS: Antonio Fraguas Fraguas***

### **IV.1. CREACIÓN: REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSIMILES.**

**Fraguas Fraguas**, Antonio, *Antonio Fraguas Fraguas. Primeiros estudos etnográficos (1930-1932)*, est. Clodio González Pérez, lim. Rosario Álvarez Blanco, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2019, 95 pp. (ISBN: 978-84-17802-01-1).

Publicación do Consello da Cultura Galega en homenaxe de Antonio Fraguas Fraguas. Encomenza co prólogo “Antonio Fraguas. Unha vida de amor pola cultura tradicional”, da presidenta do devandito organismo, Rosario Álvarez Blanco. Repasa o seu currículo e destaca o seu “perfil intelectual e cívico” xunto co seu “compromiso cívico a prol da causa da lingua e a cultura galegas”. Posteriormente, Clodio González Pérez expón no seu estudo *Antonio Fraguas Fraguas. Catro publicacións etnográficas* algúns aspectos da biografía de Antonio Fraguas. Séguenlle as súas explicacións sobre as primeiras publicacións etnográficas do autor homenaxeado, que se caracterizan por seren escritas en galego e durante os anos anteriores á guerra civil (concretamente entre 1930 e 1932). *O entroido nas terras do Sul de Cotobade* é a primeira delas, onde realiza unha viaxe antropolóxica polo entroido no concello de Cotobade. *O culto ós mortos* é froito dunha conferencia no Ateneo de Vigo en 1931. En *Do folk-lore de Armeses-Listanco*, válese dos seus parentes na parroquia de Armeses para elaborar algúns apuntamentos etnográficos sobre os muíños, entre outros aspectos. *As lëndas da Fonte Pormás* sitúanse na Castañeda, concello de Arzáa, e foran recolleitos da voz de Manuel Cardelle. Achéganse tamén facsímiles dos referidos textos.

#### **Referencias varias:**

- S. N., “Os primeiros traballos do etnógrafo”, *Atlántico Diario/ La Región*, “*Letras Galegas 2019*”, “Obra”, 17 maio 2019, p. 11.

Faise eco da publicación da presentación do volume da man de Clodio González, Rosario Álvarez e Justo Beramendi, explicando que se trata dunha edición facsimilar con 500 exemplares que recupera os catro primeiros traballos como etnógrafo de Antonio Fraguas.

\_\_\_\_\_, *As coplas que se cantaban nas ruadas de Loureiro de Cotobade. Roseiras e paxariños nas cantigas dun serán*, A Coruña: Real Academia Galega, maio 2019, 42 pp. (ISBN: 978-84-947823-9-8).

Discurso de entrada na Real Academia Galega de Antonio Fraguas Fraguas, lido o 8 de maio de 1956 e respondido por Ramón Otero Pedrayo. Esta edición foi elaborada a partir dos mecanoscritos orixinais custodiados no Arquivo da Real Academia Galega, mais adaptados á normativa ortográfica actual. Fraguas agradece a súa elección para ocupar a cadeira na que xa estivera Castelao (e, asemade, repasa algúns feitos da biografía do rianxeiro). Deseguido, comenta algunhas coplas populares recolleitas en Cotobade. Estas

sérvenlle para facer fincapé en aspectos da vida tradicional, tales como o namoramento, o amor, as festas campesiñas, as noites no muíño, as relacións coa Igrexa, a natureza (nomeadamente, a forza simbólica das flores e das aves), os labores agrícolas, as crenzas, os remedios naturais, o mal de ollo, as rexoubas, os consellos etc. Remata cunha cantiga para, outra vez, mostrar o seu agradecemento. Por outra banda, Otero Pedrayo respóndelle describíndoo como un home “rexo e doncel, calcado e livián, galego dos ‘bos e xenerosos’ e por galego moderno e universal, namorado respectuoso das formas artísticas populares e mestre nos saberes que lle dan sona brillante na xuventude intelectual da Galiza”. Ademais, realiza un percorrido polo seu brillante *cursus honorum*. Remata cunha mensaxe de loanza e esperanza.

### Referencias varias:

- Luís Montero, “Publica a RAG o discurso de ingreso de Fraguas na entidade”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 9 maio 2019, p. 37.

Informa da publicación de *As coplas que se cantaban nas ruadas de Loureiro de Cotobade*, o discurso co que Fraguas entrou na Real Academia Galega cando pasou a ocupar a cadeira do seu mestre Castelao en 1956.

- S. N., “O discurso de ingreso na Academia, dixitalizado”, *Atlántico Diario/ La Región*, “*Letras Galegas 2019*”, “Obra”, 17 maio 2019, p. 6.

Faise eco da publicación do volume, citando textualmente as primeiras palabras do discurso de Fraguas e explicando que, logo da gabanza de Castelao, o polígrafo ofreceu unha análise dun conxunto de coplas que se cantaban nas ruadas de Loureiro.

\_\_\_\_\_, *Cantigueiro de Cotobade*, Vigo: Galaxia, col. Biblioteca Antonio Fraguas, n.º 3, abril 2019, 125 pp. (ISBN: 978-84-9151-332-2). ■

Recompilación de 1106 cántigas populares, recolleitas na terra de Cotobade. A obra ábrese cunha pequena introdución, na que se describe a xeografía da devandita bisbarra. Antonio Fraguas tamén advirte que levou a cabo o labor de recolla cando estudaba no instituto de Pontevedra. Tamén reconece os méritos daquelas persoas que lles transmitiron esa sabedoría, principalmente a mamá Antonia. O autor sinala a variedade temática: o amor, o humor, o escarnio, o traballo, a festa, a relixión, as relacións humanas, as tradicións... Todas elas son manifestacións fundamentais dun mundo en vías de extinción. Ademais, indica unha única forma nova: as cinzarradas. Dedícalle este cancionero ás mozas que mantiveron viva esta herdanza. Na súa maioría, as cantigas recollidas posúen catro versos, aínda que, xa nas últimas páxinas, se engaden algúns parrafeos. Ao final do libro inclúese a disertación do grupo Oradaladou (formado por Carlos Quintá e Sonsoles Penadique), na que se apunta a importancia dos cantigueiros para a produción musical.

\_\_\_\_\_, *Do tempo dos astros*, Vigo: Galaxia, col. Biblioteca Antonio Fraguas, n.º 1, 60 pp., (ISBN: 978-84-9151-313-1). ■

Reedicións de “Preocupación polo tempo e os astros na crenza popular”, publicado no tomo V do *Boletín Auriense* en 1975 e “O culto aos mortos”, palestra pronunciada no Ateneo de Vigo o 9 de maio de 1931. No primeiro diserta sobre a importancia do tempo

meteorolóxico no imaxinario colectivo: as chuvias, o vento, a calor ou o frío, e o seu estreito vencello con outros astros celestes (o Sol, a Lúa e as estrelas) e cos animais. Sinala que estas relacións son de vital importancia nos labores agrícolas e mariñeiros. No segundo texto trata a relixiosidade popular fronte á morte. Apunta a crenza no alén, no inferno, no xuízo final e na tiranía inxusta da morte. Finalmente, conclúe unindo amor e morte.

### **Recensións:**

- Estro Montaña, “De cultos e planetas. A paixón da procura”; *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 713, “Letras Galegas, 2019”, “Antonio Fraguas”, “Libros”, 17 maio 2019, p. X.

Explica que se trata dun volume que recolle unha conferencia pronunciada por Antonio Fraguas en 1931 no Ateneo de Vigo e tamén unha publicación no *Boletín Auriense* de 1975. Desenvolve brevemente a temática de ámbolos dous textos e dá os parabéns pola iniciativa da publicación desta obra.

### **Referencias varias:**

- Montse García, “Reeditan dous traballos etnográficos de Antonio Fraguas co alén como eixe”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 26 marzo 2019, p. 34.

Artigo que dá conta da reedición de *O culto aos mortos e Preocupación polo tempo e os astros na crenza popular*, dentro de *Do tempo e dos astros* da editorial Galaxia, e no que tamén informa da “coherencia temática que mantivo Antonio Fraguas ao longo da súa traxectoria”. Remata o artigo falando sobre as publicacións que a editorial Galaxia sacou ou ía sacar ao mercado sobre Antonio Fraguas.

- Luís Montero, “Textos de Fraguas sobre o culto á morte nun novo volume”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 26 marzo 2019, p. 37.

Faise eco da publicación do libro, explicando que é unha obra que permite coñecer ao autor tanto na súa primeira época como cando xa era un estudoso e escritor consagrado.

\_\_\_\_\_, *Notas Compostelás*, Vigo: Galaxia, col. Varios, outubro 2020, 96 pp. (ISBN: 978-8491513346). ♦

Os textos da autoría de Antonio Fraguas que se reproducen neste libro son: “La vida colegial compostelana. Los hombres y las instituciones” (publicado no seu día, en 1975, no *Liceo Franciscano XXVIII*, de Santiago de Compostela) e “La sociedad Amigos del Arte de Santiago de Compostela. Apuntes para su historia” (publicado na Coruña en 1974, en *Abrente* 6). As traducións son de Xesús Domínguez Dono. O primeiro deles trata o renacemento da “Compostela estudantil” a finais do século XV. Sinala algúns aspectos sobre o Colexio de Santiago Alfeo (tamén chamado Colexio de Fonseca), como as súas máis remotas orixes, os primeiros mestres, a vida cotiá, as regras, as festas e o trato dos enfermos. Tamén expón algúns feitos dos Colexios de San Xerome, de San Clemente de Pasantes, de San Salvador e dos Irlandeses. Remata como colofón con “Onte como hoxe, o estudante inqueda e alborotador”. No segundo texto, explica as orixes da Sociedade Amigos da Arte de Santiago, no ano 1928. Noméanse algúns dos promotores e dos

membros. Entre outros, danse algúns datos sobre a exposición de Luís Seoane (ademais doutras en América e Sevilla), os concursos e os premios e a constante preocupación da sociedade por adquirir libros. Remata cunha listaxe de artistas expositores.

#### **Referencias varias:**

- Montse García, “Recuperan dos textos de fraguas sobre Compostela”, *La Voz de Galicia*, “Agenda”, “Para todos los públicos”, 30 outubro 2019, p. L10.

Informa da presentación do volume o 30 de outubro no Museo do Pobo Galego. Explica que o volume recolle dous textos de Antonio Fraguas ligados a Santiago. Os textos foron vertidos ao galego por Xesús Domínguez Dono.

\_\_\_\_\_, *O santuario da Franqueira*, Vigo: Galaxia, 54 pp., (D. L.: VG 117-2019).

Miguel A. Domínguez Alfonso, alcalde da Cañiza, e Xabier Alonso Docampo, párroco-reitor do Santuario Diocesano de Santa María da Franqueira, prologan esta edición. Ambos explican a importancia de Fraguas para o estudo das romaxes tradicionais e, de xeito destacado, a romaría da Franqueira (no devandito concello). Esta obra, que apareceu por primeira vez en 1993 baixo a colección “Os Contos do Castromil”, supón un achegamento ben fundamentado sobre o santuario da Franqueira. Repásase na relixiosidade no lugar dende tempos inmemoriais. Achéganse mostras da literatura oral, como o romance do mouro e do cristián na Franqueira (xa recollido por Cabanillas) e o denominado polo autor como “o conxunto da Franqueira” (que el sinala que lle foi relatado por Antonia Pérez Estraviz, veciña senlleira súa na Insuela, natural de Mondariz). Ademais, a obra vén ilustrada con fotografías actuais da romaría, das procesións, da igrexa e do Coto da Vella.

#### **Referencias varias:**

- R. Tébar, “A Cañiza pone en valor uno de los ‘Contos de Castromil’ de Fraguas”, *Atlántico Diario*, “Área metropolitana”, “Condado/Luriñá”, 27 abril 2019, p. 25.

Dá conta da presentación da reedición do conto número 27 dos ‘Contos de Castromil’ no Templo de Santa María de A Franqueira, e destaca a súa relevancia con A Cañiza e o Templo como centro de peregrinaxe e espiritualidade.

- V. P., “A Cañiza recupera la obra de fraguas sobre A Franqueira”, *Faro de Vigo*, “Condado. Paradanta”, “Área Metropolitana”, “Pontareas. A Cañiza. As Neves. Crecente. Covelo. Arbo. Salvaterra. Mondariz. Mondariz Balneario”, 30 abril 2019, p. 14.

Informa da presentación do libro *O Santuario da Franqueira* de Antonio Fraguas, o que significa a recuperación do conto número 27 dos Contos do Castromil.

\_\_\_\_\_, *Romarías e Santuarios*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Biblioteca Antonio Fraguas, n.º 2, 288 pp. (ISBN: 978-84-9151-327-8).

Recompilacións de varias descrições de romarías e santuarios de Galicia. Ábrese cunha breve introdución, na que se salienta a importancia das diversas manifestacións de fe que

cobren a xeografía galega. No primeiro apartado agrúpanse aquelas que atinxen á provincia da Coruña: Santiago e San Lázaro en Compostela, San Pedro Mártir e a Virxe do Portal en Belvís (Santiago), Santo André de Teixido en Cedeira, a Virxe da Barca en Muxía, a Virxe da Escravitude e o Santiaguíño do Monte en Padrón, Santa Minia de Brión, San Sebastián do Pico Sacro, San Campio de Entíns, o Nazareno da Pobra do Deán, a Virxe de Gundián en Vedra, a Santa Cruz de Aranga, o Santo Cristo de Fisterra, San Roque de Betanzos, a Virxe de Guadalupe en Rianxo, a Virxe da Pastoriza e Santo Antonio da Agualada. No segundo, descríbense outras na provincia de Lugo: San Froilán de Lugo, os Remedios de Mondoñedo, Santa María e San Roque de Viveiro, Nosa Señora do Santo Milagre no Cebreiro, Nosa Señora do Faro, Nosa Señora dos Milagres de Saavedra, a Virxe das Cadeiras en Sober, Nosa Señora dos Ollos Grandes das Augas Santas, o Carme de Tuiriz e San Vitorio de Castillón. No terceiro, sinálanse algunhas en Ourense: Nosa Señora dos Remedios de Ourense, Nosa Señora do Viso, San Benitiño de Cova do Lobo, Nosa Señora da Mercé da Saínza, Nosa Señora dos Remedios de Verín, as Ermidas no Bolo, os Milagres de Monte Medo, Nosa Señora dos Gozos, San Xil de Casaio, San Pedro Mártir de Ribadavia, a Festa do Tres de Maio ou da Santa Cruz en Laza, Nosa Señora das Marabillas, a Virxe do Cristal, Nosa Señora do Portal de Ribadavia, Santa Mariña das Augas Santas, Santa María do Mundil, Nosa Señora de Reza, Nosa Señora da Guía, Nosa Señora da Encarnación de Celanova, Nosa Señora de Vilar de Flores e os Remedios e San Sebastián de Castro Caldelas. Finalmente, no cuarto conxunto, recóllense algunhas outras romarías en Pontevedra: a Peregrina, Nosa Señora das Cabezas, Santos Xusto e Pastor en Sacos, Nosa Señora de Aguasantas en Cotobade, Santa Trega da Guarda, Nosa Señora do Corpiño, Santo Cristo de Xende, os Milagres de Amil, Nosa Señora da Lanzada, Santa Marta de Ribarteme, San Bieito de Lérez, Nosa Señora da Franqueira, Santa Paderna, San Xurxo de Cereixo, Nosa Señora de Guadalupe en Codeseda, Nosa Señora da Peneda en Redondela, a Virxe das Ermidas, San Bieito de Lores, San Xián do Monte Aloia e Santa Isabel de Loureiro en Cotobade.

## IV.2. MONOGRAFÍAS, EDICIÓN CRÍTICAS E LIBROS COLECTIVOS. ANTOLOXÍAS

**Baleirón Sónora**, Charo (coord.), *Coñecendo a Antonio Fraguas. Roteiros literarios*, A Coruña: Hércules de Ediciones, Col. Unidades didácticas das Letras Galegas, 2019, 93 pp. (ISBN: 978-84-949843-7-2).

Volume pertencente á colección “Unidades didácticas das Letras Galegas” que homenaxea a Antonio Fraguas. O volume ofrece unha breve biobibliografía de Antonio Fraguas percorrendo a súa traxectoria vital. Inicia en Cotobade, lugar onde naceu e continúa en Pontevedra, cidade onde estudou, Santiago de Compostela, onde cursou os seus estudos universitarios e permaneceu vivindo, Lugo e A Estrada, lugares onde exerceu a docencia. Finaliza cunha proposta de actividades para coñecer o autor e para adquirir coñecementos sobre a xeografía galega.

### Recensións:

- Blanca Roig, “Letras Galegas: roteiro e unidade didáctica”, *El Correo Gallego*, “domingo”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 30 xuño 2019, p. 7.

Faise eco da publicación da obra coordinada por Charo Baleirón e explica de xeito breve os contidos que ofrece: unha biobibliografía do autor que percorre o seu roteiro vital e unha proposta de actividades para coñecer a Fraguas e a xeografía de Galicia.

### Referencias varias:

- Ana Abelenda, “O Fraguas máis vivo”, *La Voz de Galicia*, “Antonio Fraguas. Letras galegas 2019”, “Sigues os roteiros do 'Bo mestre, o mestre bo’”, 15 maio 2019, p 12.

Fai alusión ao volume, explicando que recolle varias rutas literarias por lugares nos que residiu Fraguas e por lugares que marcaron a súa vida.

**Cochón**, Luís e Justo **Beramendi** (coords.), *Cadernos Ramón Piñeiro. Antonio Fraguas, “laboris causa”*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, col. Cadernos Ramón Piñeiro, n.º 39, setembro 2019, 426 pp. (ISBN: 978-84-453-5324-0). ♦

Caderno conmemorativo da figura de Antonio Fraguas Fraguas, no que se recompilan diversas achegas sobre este persoeiro. Introdúcese a obra mediante a disertación de Carlos García Martínez, quen o cualifica como “un home que ía para ferroviario no Brasil e acabou traballando arreo na construción da conciencia firme dun ideal”; o poema “Un home bo” de Arcadio López-Casanova; as palabras sobre a súa bondade, a súa profesionalidade, a súa proximidade no trato, a súa sapiencia e a súa entrega á causa galeguista, de Nélida Piñon; a presenza dos relatos populares na obra de Víctor F. Freixanes; e unha cronobiografía dende 1905 até 1999, de Clodio González Pérez. A estes séguelles o limiar de Luís Cochón que, entre outros aspectos, sinala a irmandade que xunguía o homenaxeado con Francisco Cerviño. A continuación, proséguese con trinta



achegas: Ana Acuña céntrase na correspondencia con Xosé Filgueira Valverde e Francisco Javier Sánchez Cantón. Luís Alonso Girgado afirma que a súa é unha “figura dun humanista”. Emilio Araújo fai unha viaxe polo Courel. Xosé Luís Axeitos repasa os datos da súa entrada na RAG. Carlos Baliñas Fernández lembra algunhas anécdotas vividas con Fraguas. Xosé Ramón Barreiro Fernández expón o seu vencello co Seminario de Estudos Galegos e, ademais, sinala aspectos recollidos na súa tese doutoral sobre o colexio de Fonseca. Justo Beramendi profunda na súa ideoloxía política. Guillermo Campos Piñón examina a súa relación co lugar da Insuela e a estadía de Castelao en Cotobade. Rafael Chacón Calvar céntrase no entroido e Francisco Díaz-Fierros Viqueira, na xeografía. Xosé Ramón Fandiño Veiga sinala o seu papel sobranceiro na elaboración da Gran Enciclopedia Gallega. Mar Fernández-Vázquez describe “todas as facetas desenvolvidas polo etnógrafo Fraguas”, eminentemente as farsas. Xosé Fortes puntualiza algúns acontecementos e movementos políticos de comezos do século XX. Xosé Fuentes Alende debulla os estudos de Fraguas sobre a relixiosidade popular galega. Xoán Carlos Garrido preséntao como “o home que puido ser alcalde”. David González Couso escaravella nos seus vínculos con Ourense. Manuel González González denomíno “homo faber” e explica a orixe do apelido Fraguas. Xosé Manuel González Reboredo encadra os seus dotes narrativos na escrita de artigos. Bieito Iglesias fai unha incursión a Italia. Emilio Xosé Ínsua analiza as súas achegas na colección de biografías “Hombres que hicieron Galicia”. Gonzalo Navaza explica a orixe do topónimo de Cotobade. Camiño Noia estuda a presenza das ánimas nos seus contos. Daniel Pino subliña o “paradigma do sabio con formación amplísima sobre todo o que constrinxo aos seres humanos e ao noso país”. Xabier Ron Fernández reflexiona sobre o espazo nas cantigas de santuario da lírica galega e portuguesa. Anxo Tarrío Varela advirte que “nos faltaba, de entre os devanceiros, un don Antón/don Antonio antonomástico”. Xosé Carlos Valle Pérez enfócase nun “novo tímpano medieval na cidade de Pontevedra”. Na exposición de Antón Vidal Andión reflíctese a influencia da cultura popular de Insuela en Fraguas. Manuel Vilar enfoca as súas verbas ao elemento etnográfico do espantallo. María Dolores Villanueva Gesteira incide na pegada de Cotobade. Finalmente, remátase cunha addenda de Xosé Manuel González Reboredo, titulada “Notas dunha conversa con Antonio Fraguas”, que fía aqueles feitos biográficos máis salientábeis na vida do homenaxeado. Insírense na obra algunhas outras obras plásticas.

### Referencias varias:

- Lourdes Varela, “Luís Cochón. ‘Fraguas non tivo outra ideoloxía que a do galeguismo: o de Castelao e Otero Pedrayo’”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n. 713, “Letras galegas, 2019”, “Entrevista”, “Antonio Fraguas”, 17 maio 2019, p. VIII.

Entrevista a Luís Cochón en relación coa publicación do monográfico *Antonio Fraguas: laboris causa. Trigo limpo candéal*. Cochón fala de temas como o aspecto no que se centrará a monografía: o mundo da tradición oral, a ideoloxía de Fraguas e a súa militancia galeguista, a súa estadía en Galicia ao contrario doutros escritores que decidiron exiliarse e a colaboración coa editorial Galaxia.

- ECG, “Cotobade rememora a figura de Antón Fraguas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 10 setembro 2019, p. 31.

Informa da presentación do volume o 8 de setembro en Cotobade nun acto no que participaron algúns dos trinta intelectuais que aportan as súas achegas ao monográfico:

Luís Cochón, Manolo González, Justo Beramendi, Daniel Pino, Gonzalo Navaza e Guillermo Campos.

**Cajaraville**, Héctor, *Antonio Fraguas. O bo mestre, o mestre bo*, ilustrado por Evaristo Pereira, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 275, lectorado mozo, xaneiro 2019, 108 pp. (ISBN: 978-84-9121-462-5).

Biografía de Antonio Fraguas Fraguas (Cotobade, 1905-Santiago de Compostela, 1999), a quen se lle dedicou o Día das Letras Galegas 2019, coa que Héctor Cajaraville (Santiago de Compostela, 1974) pretende difundir a figura deste persoeiro da cultura galega do século XX entre o público máis novo. Cajaraville estrutura o texto en sete apartados: “Quen foi Antonio Fraguas?”, no que dá conta da relevancia da súa figura e a súa condición de mestre; “Nacemento e infancia en Cotobade”, “Estudante en Pontevedra e Santiago”, “Primeiros anos de labor docente e investigador”, “Tempos difíciles: a guerra e a posguerra”, “Os froitos da constancia: docencia en Lugo e Compostela” e “Os anos derradeiros: o Museo do Pobo Galego”, episodios que van acompañados de textos redactados en primeira persoa, baixo a epígrafe de “Lembranzas” para destacar determinados personaxes e lugares fundamentais na vida do homenaxeado: Teresa Fraguas, a súa nai; Manuel Fraguas, o seu pai; Mamá Antonia, a muller que o criou canda a súa nai; Don Antonio, o seu mestre; Teresa Martínez, a súa muller; Camilo Díaz Baliño, o seu amigo asinado en 1936; Insuela, a súa aldea natal; Pontevedra e Santiago de Compostela, onde estudou; ou Tabeirós-Terra de Montes e Lugo, onde exerceu como docente. O volume complétase cun apartado dedicado aos recoñecementos que recibiu, unha cronoloxía e unha bibliografía que recolle os traballos publicados por Fraguas. Ademais de fotografías, o libro conta con algunhas ilustracións de Evaristo Pereira (Vigo, 1959, que interpreta o retrato do persoeiro.

### **Recensións:**

- Laura Caamaño, “Día das Letras Galegas. Antonio Fraguas”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 3 marzo 2019, p. 4.

Faise eco da publicación do volume, explicando que ofrece un percorrido pola vida de Antonio Fraguas centrado na súa afabilidade e xenerosidade, que deu como resultado unha ampla colección de traballos.

- María Navarro, “Riguroso e ameno. Un volume animoso”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 713, “Letras Galegas, 2019”, “Antonio Fraguas”, “Libros”, 17 maio 2019, p. X.

Define o volume como unha oportunidade para o lectorado mozo de achegarse a Antonio Fraguas dunha forma rigorosa e amena. Explica que se trata dun percorrido minucioso e coidadoso pola vida do autor que se intercala coa voz do Fraguas neno, alumno, investigador, historiador, etnógrafo, bibliófilo e director. Ademais, indica que acompaña ao estudo unha cronoloxía comparada da biografía e a época na que viviu e un repaso das súas principais publicacións.

### **Referencias varias:**



- Esperanza Pouso, "Lecturas, conciertos y baile tradicional en la IX Romaría das Letras", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", "Barbanza. Muros. Noia", 9 maio 2019, p. 34.

Dá conta da novena edición da Romaría das Letras da Barbanza, na que se realizaron actos de lecturas da obra de Antonio Fraguas, e na que se presentou o libro *O bo mestre, o mestre bo* de Héctor Cajaraville.

- Ana Abelenda, "O Fraguas máis vivo", *La Voz de Galicia*, "Antonio Fraguas. Letras galegas 2019", "Sigues os roteiros do 'Bo mestre, o mestre bo'", 15 maio 2019, p 12.

Fai alusión ao volume, indicando que a biografía escrita por Héctor Cajaraville "ten rigor de ensaio e sabor a conto".

- Caetano Díaz, "Máis Antonio de Insuela ca Indiana Jones de Corredoira", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Cartas asombradas", "A don Antonio Fraguas, in memoriam", 19 maio 2019, p. 6.

Artigo de opinión no que Díaz repasa a carreira profesional e persoal de Antonio Fraguas nun ton de proximidade pasando por momentos como o seu posto na Real Academia Galega ou a súa recompilación de tradicións galegas.

**Carreiro, Pepe**, *Antonio Fraguas*, ilust. do autor, Santiago de Compostela: Bolanda Ediciones, col. Letras Galegas, lectorado autónomo, 2019, 19 pp. (ISBN: 978-84-17702-62-5). ■

Pepe Carreiro (Vigo, 1954) aborda nesta entrega, dunha das series protagonizadas polos Bolechas, a vida de Antonio Fraguas (Cotobade, 1905-Santiago de Compostela, 1999) para dar a coñecer a súa figura entre os máis pequenos. Balbina, a avoa materna dos Bolechas disfrázase de Antonio Fraguas e conta uns contos de cobras intitolados *O que eu sabía das serpes*, que oíu el cando era neno, utilizando fragmentos tomados dos textos escritos polo mestre galeguista que se transcriben en letra cursiva. Tras os contos introdúcese un parágrafo con información biográfica do homenaxeado co Día das Letras 2019 e un minidicionario. As ilustracións recrean diferentes escenas de medo coas cobras como protagonistas.

**Curiel, Xoán**, *Canta, miña pedra, canta. Homenaxe a Antonio Fraguas*, ilust. Nuria Díaz, Vigo: Editorial Galaxia, col. Sonárbore, lectorado autónomo, abril 2019, 24 pp. (ISBN: 978-84-9151-324-7).

Álbum ilustrado que recolle once letras de cancións tomadas do *Cantigueiro de Cotobade* e outras compostas con Xoán Curiel (A Fonsagrada, 1975) co obxectivo de homenaxear a vida e a obra de Antonio Fraguas (Cotobade, 1905-Santiago de Compostela, 1999) con motivo de recibir a homenaxe do Día das Letras Galegas 2019. O volume ábrese cunha páxina de presentación do compositor onde declara o seu desexo de lembrar a figura deste erudito e explica que o título elixido corresponde a unha cantiga recollida moi preto da súa casa. A seguir explica que "As cantigas de Mamá Antonia" dá a coñecer a esta muller que viviu na casa familiar do autor e que foi como a súa segunda nai; "Como me río de ti", "Aldeña por aldea" e "Vai saír o tren" pretenden lembrar o pai de Antonio Fraguas,

que marchou a Brasil para construír as vías de tren; en “A aventura de escribir”, as pedras cantan e contan historias; en “Bolboretas na barriga” alúdese ao bambán do que gustaba Fraguas de rapaz; e en “Batendo nas pedras” aparece a Galicia da época dos castros. As letras van acompañadas das ilustracións de Nuria Díaz (Vilagarcía de Arousa, 1982), que recrean un universo infantil no que predominan as escenas domésticas e o contexto rural. O volume vai acompañado dun CD para escoitar as cancións.

### **Recensións:**

- Blanca-Ana Roig Rechou, “Letras galegas: Sonárbore”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 2019.

Faise eco da publicación do volume, salientando que está a ter moi boa acollida por grandes e pequenos. Explica tamén que o paratexto titular fai referencia a unha das cantigas recollidas por Fraguas e ao *Cantigueiro de Cotobade*. Apunta que as cantigas foron musicadas con ritmos da tradición galega e con apostas modernas para chegar a un público máis amplo, que poida “gozar de texto, ilustración e música nun conxunto moi atraente”.

### **Referencias varias:**

- Óscar Losada, “Xoán Curiel achégase á faceta musical de Antonio Fraguas”, *La Opinión*, “Saberes”, “Música de Raíz”, 15 xuño 2019, p. 4.

Dá conta do “achegamento musical” de Xoán Curiel a Antonio Fraguas a través do disco *Canta, miña pedra, canta*, un revisionamento do *Cantigueiro de Cotobade*, creado para todos os públicos.

**Fernández Corviño**, María Xosé, *Antonio Fraguas Fraguas. Estancias vitais dun mestre sabio*, A Coruña: *La Voz de Galicia*, Biblioteca Gallega, col. Letras galegas, maio 2019, 136 pp. (ISBN: 978-84-9757-321-4).

Biografía de Antonio Fraguas Fraguas. Comeza co “Prólogo para un home bondadoso”, no que se presenta a súa personalidade. No primeiro capítulo, trátanse os primeiros anos do homenaxeado en Insuela, na parroquia de Loureiro (Cotobade): a súa filiación, a xeografía do lugar, a escola... No segundo capítulo, explícanse as súas vivencias en Pontevedra, deixando atrás o seu fogar para comezar os seus estudos secundarios. No terceiro capítulo, expónse a súa chegada a Santiago de Compostela en 1924 para matricularse no preparatorio de Filosofía e Letras e Dereito. Ademais, sinálanse as súas experiencias universitarias: as súas cualificacións, os seus mestres, os títulos acadados e a relación co Seminario de Estudos Galegos. Tamén se sinalan algúns aspectos políticos. No cuarto capítulo, débúllase a súa estadía na Estrada, onde se encargará do curso de Xeografía e Historia. No quinto capítulo, sublíñanse as represalias do golpe de Estado de 1936 e os vínculos con Compostela. No sexto capítulo, Lugo aparece como outra cidade na que viviu felizmente. No sétimo capítulo, Santiago volve asomar. Consegue a cátedra de Xeografía do Instituto Feminino, relaciónase co Instituto de Estudos Gallegos Padre Sarmiento, en 1956 ingresa na Real Academia Galega, é nomeado director do Museo Municipal de Santiago, o seu legado no Museo do Pobo Galego e, xa a finais do século XX, é escollido como membro electivo do Consello da Cultura Galega. No oitavo

capítulo, repásanse os seus traballos como etnógrafo, arqueólogo, historiador, xeógrafo, divulgador e colaborador en prensa. No noveno e derradeiro capítulo, o epílogo, finalízase co seu nomeamento como Cronista Xeral de Galicia e coa enumeración dos seus premios e galardóns. Anéxase ao final o artigo Antón Losada Diéguez. Mestre esquecido, da autoría de Antonio Fraguas, publicado no suplemento O Cuaderno de Cultura en 1984.

### **Recensións:**

- Xesús Fraga, “Fraguas: o maxisterio da sabedoría”, *La Voz de Galicia*, “*Antonio Fraguas. Letras galegas 2019*”, “O libro de *La Voz de Galicia*. ‘Estancias vitais dun mestre sabio’”, 15 maio 2019, pp. 8-9.

Explica que a publicación é unha achega biográfica á figura de Fraguas dende a súa perspectiva de “mestre” e de “sabio”. Salienta que o volume achega unha parte práctica, que propón máis lecturas para poder ampliar os contidos das súas páxinas.

### **Referencias varias:**

- Montse García, “María Xosé Fernández Ceviño. Sempre dicía que non tivera outro vicio que os libros”, *La Voz de Galicia*, “*Antonio Fraguas. Letras galegas 2019*”, 15 maio 2019, p. 10.

Recolle unha entrevista con María Xosé Fernández Cerviño, membro do Padroado do Museo do Pobo Galego, que compartiu vinte e dous anos de traballo con Fraguas e é autora do volume *Antonio Fraguas Fraguas. Estancias vitais dun mestre sabio*. Fala sobre a imaxe que ten de Fraguas, comparte anécdotas e destaca o seu papel como divulgador.

**Herrero**, Nieves e María Xesús **Nogueira** (coords.), *Antonio Fraguas. A cultura como forma de vida: Día das Letras Galegas 2019*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, col. Día das Letras Galegas, 2019, 266 pp. (ISBN: 978-84-17595-13-5).

Publicación coordinada polo Departamento de Filloxía Galega da Universidade de Santiago de Compostela, co gallo do día das Letras Galegas, como vén facendo dende 1983. Ábrese cunha introdución das coordinadoras, Nieves Herrero Pérez e María Xesús Nogueira Pereira, na que se sinalan os antecedentes e as razóns desta publicación, xunto coa relación entre a devandita universidade e o homenaxeado, Antonio Fraguas Fraguas. A continuación, séguelle “Aspectos dunha vida”. Neste apartado, encádranse cinco achegas: Patricia Arias Chachero repasa os vencellos entre Fraguas e Otero Pedrayo, Justo Beramendi advirte a súa faceta como militante nacionalista, Fátima Braña Rey parte dunha entrevista a Fraguas para subliñar a importancia dalgunhas iniciativas, como o Seminario de Estudos Galegos e o Museo do Pobo Galego, Adolfo de Abel Vilela examina a súa produción bibliográfica durante a súa etapa en Lugo e Xosé Manuel González Reboredo expón a súa actividade como docente e etnógrafo (el denomínoa “cronista vital da cultura popular de Cotobade”), dende o Museo do Pobo Galego. Posteriormente, preséntase “Achegas a unha obra antropolóxica”, con seis contribucións: Ana Acuña Trabazo encárgase do inxente labor etnográfico levado a cabo polo autor, Elena Freire Paz matiza algúns aspectos sobre a vestimenta tradicional, José Luís Forneiro

estuda a versión do romance de Veneno de Moriana, Xaquín Rodríguez Campos denomínoa “o grande mestre do pensamento máxico galego”, Xosé Carlos Sierra Rodríguez retoma o seu papel xogado como dinamizador da etnografía galega e Manuel Vilar Álvarez recalca a función social das festas e romarías.

### Referencias varias:

- Montse García, “Fraguas retorna á Universidade”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Día das Letras Galegas”, 16 maio 2019, p. L9.

Informa da presentación do volume conmemorativo *Antonio Fraguas: a cultura como forma de vida* no marco de actividades realizadas pola Universidade de Santiago con motivo do Día das Letras Galegas.

**Mauricio**, Enrique, *De cando Antonio Fraguas foi alumno de Castelao*, ilustr. Carlos Taboada, Pontevedra: Lela, lectorado autónomo, maio 2019, 31 pp. (ISBN: 978-84-946043-9-3). ■

Breve cómic de formato pequeno e cadrado elaborado por Enrique Mauricio (Pontevedra, 1977) e Carlos Taboada (Pontevedra, 1979) no que a través do texto e as viñetas se ofrecen unhas pinceladas sobre a vida de Antonio Fraguas (Cotobade, 1905 - Santiago de Compostela, 1999), protagonista do Día das Letras Galegas 2019. Recréase así o seu nacemento na parroquia de Loureiro, no lugar da Insuela; a súa infancia na aldea; os estudos de bacharelato en Pontevedra, onde tivo como mestre a Castelao e a Losada Diéguez; a súa recompilación cando mozo de cantigas e tradicións que pasarían a integrar as *Aportacións ao Cancioneiro de Cotobade*; as súas diversións nos bailes de Entroido; a creación da asociación Sociedade en Defensa da Lingua; os seus estudos de Filosofía e Letras en Compostela; e o seu nomeamento como académico en 1951 para ocupar a cadeira do seu profesor Castelao, co que cadrou en diferentes momentos da súa vida. Ao final do libro ofrécense unhas actividades para repasar algúns dos contidos expostos.

**Neira Cruz**, Xosé Antonio, *As vidas de... Antonio Fraguas*, ilustr. Lucía Duran Carpinteiro, Vigo: Editorial Galaxia, col. As vidas de..., n.º 1, lectorado autónomo, abril 2019, 123 pp. (ISBN: 978-84-9151-333-9).

Xosé A. Neira Cruz (Santiago de Compostela, 1968) ofrece unha biografía novelada de Antonio Fraguas (Cotobade, 1905-Santiago de Compostela, 1999) a modo de homenaxe pola súa designación como figura homenaxeada co Día das Letras Galegas 2019. O investigador do pasado Amaro Mendiño, na compañía do seu ordenador Chiño, viaxa ao pasado na súa máquina do tempo Carpe Diem para cumprir a encarga da Xunta de Galicia de atopar un poemario descoñecido do intelectual. Con tal motivo, o investigador, nos once capítulos, vai dando conta de informacións relativas á súa vida e visita algúns dos escenarios fundamentais da vida do escritor, como a súa aldea natal, Insuela; Valga, onde casou con Teresa Martínez Magariños; A Estrada, en agosto de 1936; ou a Real Academia Galega, en 1951. Ao longo do texto insírense fragmentos da correspondencia inédita mantida entre Neira Cruz e Fraguas. As ilustracións figurativas de Lucía Durán

Carpinteiro consisten en retratos dos personaxes e escenas presentes no texto, na súa maior parte figuras perfiladas en negro ou coloreadas en tons marróns.

### **Recensións:**

- Henrique Dacosta, “As vidas de... Antonio Fraguas’, unha biografía novelada”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1088, 19 maio 2019, p. 36.

Resume o argumento desta biografía novelada e sinala que, alén de ser unha forma didáctica de nos poder achegar á vida e obra do citado autor, o relato está ben resolto e constitúe unha achega atractiva e amena. Así mesmo, o autor do artigo resume as principais etapas vitais de Antonio Fraguas e destaca o seu amplo labor na cultura galega.

**Perozo**, Xosé A., *Antonio Fraguas: unha epopea vital*, ilustr. Antonio Seijas, Santiago de Compostela: Auga Editora, col. Estrela Polar, lectorado mozo e adulto, 2019, 47 pp. (ISBN: 978-84-120308-7-7).

Xosé Antonio Perozo (Llerena, Badaxoz, 1951) constrúe un retrato vital cronolóxico de Antonio Fraguas (Cotobade, 1905-Santiago de Compostela, 1999) no que conxuga estampas imaxinadas con declaracións e escritos da man do autor, así como outros documentos e lembranzas dos que o coñeceron e trataron ao final da súa vida. O retrato comeza en 1905, data de nacemento do autor, e retrata un mozo de aldea que ao longo dos anos se converteu nun “mestre da sabedoría”, e remata o 17 de decembro de 1994, cando se celebrou no Museo do Pobo Galego o acto de doazón da biblioteca de Antonio Fraguas. As partes dedicadas a recrear diversas escenas ficticias van acompañadas das ilustracións de Antonio Seijas (Ares, 1976), mentres que as demais inclúen diversas fotografías.

**Villanueva Gesteira**, Malores, *Antonio Fraguas. Mestre da memoria*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Letras galegas, n.º 24, marzo 2019, 200 pp. (ISBN: 978-84-9151-310-0).

Biografía divulgativa da vida e obra de Antonio Fraguas con motivo da súa homenaxe co Día das Letras Galegas 2019. Repasa cronoloxicamente anécdotas, algunhas delas inéditas, que configuran un percorrido polo século XX a través das múltiples angueiras que Antonio Fraguas desenvolveu como investigador, docente, locutor de radio, director do Museo do Pobo Galego e a súa incursión no cinema.

### **Recensións:**

- Pilar Ponte, “Fraguas, ponte e semente. Imprescindible biografía”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 713, “Letras Galegas, 2019”, “Antonio Fraguas”, “Libros”, 17 maio 2019, p. X.

Explica que a autora se baseou nunha biografía anterior de Clodio González Pérez (1998), no volume homenaxe que publicou o Museo do Pobo Galego en 2006, na lectura das súas obras e tamén realizou entrevistas con persoas de Loureiro que o coñeceron persoalmente. Indica que a autora deseña así un Fraguas como ponte entre a Galicia actual e a do século

XX. Salienta como valor engadido do texto a lingua empregada, cun estilo ameno, directo e sen requintamentos.

- Blanca Roig, “Vida e obra de Antonio Fraguas”, *El Correo Gallego*, “domingo”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 11 agosto 2019, p. 6.

Salienta a publicación do volume, explicando que as moitas anécdotas presentadas conforman unha viaxe polo século XX a través dos labores realizados por Fraguas. Cualifica a lectura como completa e entretida

### Referencias varias:

- ECG, “Chega ás librarías a biografía de Antonio Fraguas, protagonista do Día das Letras”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 13 marzo 2019, p. 38.

Informa da arribada ás librarías do volume *Antonio Fraguas. Mestre da memoria*, a biografía asinada por Malores Villanueva, que, segundo indica, nos achega á vida do homenaxeado cun estilo áxil, que recolle moitas anécdotas sen renunciar ao rigor documental.

- Ana Baena, “Paseo ao longo do século XX con Antonio Fraguas”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 15 marzo 2019, p. 13.

Informa da biografía realizada por Malores Villanueva, na que introduce a figura do autor e como “a súa vida é como un paseo ao longo do século XX”. Comenta como Villanueva empregou documentación basicamente da Fundación Antonio Fraguas, así como a prensa da época, e destaca a importancia que lle dá a biógrafa á participación de Fraguas en Unión Radio.

- Belén López, “Malores Villanueva ‘Fraguas foi o notario da Galicia que se esvaía’”, *Diario de Pontevedra*, “Á última”, 25 marzo 2019, contracuberta.

Entrevista a Malores Villanueva a propósito da súa publicación sobre Antonio Fraguas. Villanueva fala dos motivos persoais e de proximidade que a achegaron ao escritor galego, a orixe labrega deste, anécdotas do autor e comenta algo máis sobre a paixón de Fraguas por recoller os datos culturais que percibía e como o considera un “notario da realidade [...] galega”.

- Ramón Nicolás, “Memoria de Fraguas”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Ex umbra in solem”, 5 abril 2019, p. 10.

Comenta que esta biografía sobre Antonio Fraguas salienta valores como a humildade e é unha excelente singradura pola vida do protagonista do Día das Letras. Trátase do volume *Antonio Fraguas. Mestre da memoria*, asinado por Malores Villanueva e publicado pola editorial Galaxia. Indica que, aplicando un criterio cronolóxico, percorre a vida de Fraguas dende os anos iniciais en Cotobade até o seu pasamento en Compostela.

- Montse García, “Malores Villanueva”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Citas literarias”, 3 maio 2019, p. L10.



Informa sobre a presentación da obra *Antonio Fraguas. Mestre da memoria*. Malores Villanueva, a autora do volume, estará acompañada de Armando Requeixo e polo coordinador de novos proxectos da Editorial Galaxia, Ismael Ramos.

- Armando Requeixo, “Antonio Fraguas ao completo”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.086, 5 maio 2019, p. 30.

Dá conta daqueles volumes que el considera máis completos ou correctos para investigar sobre o material bibliográfico de Antonio Fraguas, entre os que destaca *Antonio Fraguas. Mestre de memoria*, de Malores Villanueva, do cal salienta que converxen “rigor documental, [...] amenidade creativa e [...] capacidade didáctica”.

- Mar Mato, “Un espectáculo de país”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 11 maio 2019, p. 38.

Cita a Malores Villanueva na biografía de Fraguas, explicando que é unha figura que deixou “memoria do que fomos para as xeracións futuras”. Indica tamén que se presentará un espectáculo musical que vai amosando a súa obra chamado *Amantes da terra*.

### IV.3. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

**Abel Vilela**, Adolfo de, “Antonio Fraguas en Lugo (1950-1959). A volta á vida académica e cultural”, *RAIGAME. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, n.º 43, 2019, pp. 50-59.

Adolfo de Abel Vilela fai un estudo biográfico sobre Antonio Fraguas centrándose na década dos anos 50. Este é un período especialmente salientábel para o autor homenaxeado co Día das Letras Galegas neste 2019, pois é cando comeza a rexurdir a súa figura tras a guerra civil, tanto no ámbito educativo como no cultural. Tras acadar a cátedra de Xeografía e Historia do Ensino Medio, Fraguas empezará a desenvolver o labor docente na cidade de Lugo. Neste traballo, abórdase xustamente esta etapa da vida de Fraguas, ao tempo que se retrata a cidade da época.

**Arias Chachero**, Patricia, “Antón Fraguas, Castelao e Florentina García, a rapaza que morreu de amor”, *Adra*, n.º 14, 2019, pp. 109-117.

Informa sobre a figura de Florentina García, natural de Loureiro de Cotobade e falecida á idade de 23 anos, a quen Castelao lle dedica o segundo libro de *Cousas*. Segundo conta a lenda popular de Cotobade, que recolle Castelao na súa estancia no lugar, a moza morreu de amor. A conexión entre amor e morte está moi presente tamén noutras obras do autor, como en *Os vellos non deben de namorarse*. Recolle Antón Fraguas, natural de Cotobade, o proceso que seguiu Castelao para indagar na historia popular e alude a un romance que conta unha historia moi semellante en *Aportacións ó Cancioneiro de Cotobade* co título de “A morte da namorada”. Posteriormente, Lois Carré Alvarellos engade este mesmo romance en *Romanceiro popular galego de tradición oral* engadindo oito versos máis ao final que Fraguas non indica.

**Arias Vila**, Felipe, “Fraguas e a arqueoloxía galega na segunda metade do s. XX”, *Boletín da Real Academia Galega*, n.º 380, “Simposio Antonio Fraguas”, 2019, pp. 145-155.

Realiza un sintético percorrido pola arqueoloxía galega na segunda metade do século XX baseándose nos traballos de Antonio Fraguas e analizando o papel da Sección de Arqueoloxía e Prehistoria do Instituto de Estudos Gallegos Padre Samiento nas décadas dos anos 70 e 80.

**Calo Lourido**, Francisco, “A arqueoloxía nos traballos de Don Antonio Fraguas”, *RAIGAME. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, n.º 43, 2019, pp. 28-35.

Francisco Calo Lourido dá conta neste traballo da faceta arqueolóxica de Antonio Fraguas. Explica que o homenaxeado co día das Letras Galegas neste 2019 se iniciara no mundo da arqueoloxía na década dos anos 20, da man de Florentino L. Cuevillas, quen o animará a participar nas “xeiras” que organizaba o Seminario de Estudos Galegos (SEG). Pese a non ser este o interese principal de Fraguas, publicará numerosos traballos en colaboración co propio Cuevillas e outros autores, os cales Calo Lourido revisa nesta achega.

\_\_\_\_\_, “Os antecedentes e o papel de Fraguas na arqueoloxía do Seminario de Estudos Galegos”, *Boletín da Real Academia Galega*, n.º 380, “Simposio Antonio Fraguas”, 2019, pp. 125-144.

Análise do papel de Antonio Fraguas no eido da investigación en arqueoloxía en Galicia, dende os inicios até o Seminario de Estudos Galegos, destacando a relevancia de figuras como Sarmento e Cuevillas.

**Casalderrey**, Fina, “O mestre que explorou a cara oculta da lúa”, *Boletín da Real Academia Galega*, n.º 380, “Alocucións académicas sobre Antonio Fraguas Fraguas”, 2019, pp. 249-258.

O artigo explora a faceta docente de Antonio Fraguas contraponendo a súa experiencia como alumno nas distintas escolas e institutos nos que se formou cos seus ideais pedagóxicos e a súa posterior experiencia como mestre.

**Díaz-Fierros Viqueira**, Francisco, “A paisaxe na obra de Antonio Fraguas”, *Boletín da Real Academia Galega*, n.º 380, “Simposio Antonio Fraguas”, 2019, pp. 43-53.

Análise dos traballos sobre a paisaxe realizados por Antonio Fraguas desenvolto fundamentalmente na década dos cincuenta do século XX. Destaca a preocupación pola pegada do home na paisaxe, a recreación de detalles e as ilustracións literarias. Apunta que tamén amosa preocupación por paisaxes das cidades, industrias e no cinema

\_\_\_\_\_, “Sentimentos da paisaxe en Antonio Fraguas”, *Boletín da Real Academia Galega*, n.º 380, “Alocucións académicas sobre Antonio Fraguas Fraguas”, 2019, pp. 259-263.

Este artigo analiza a influencia que sobre a visión paisaxística de Antonio Fraguas exerceu Ramón Otero Pedrayo. Seguindo as teorías oterianas, Fraguas desenvolveu todos os seus traballos sobre a xeografía galega botando man do esquema conceptual dos tres tempos da paisaxe: o “cósmico”, relativo á xeoloxía e ás formas do relevo, o “biolóxico”, relativo á vida vexetal e animal e o “histórico”, relativo aos trazos que a actividade humana imprime na contorna.

**Durán Villa**, Francisco Ramón, “Os estudos de xeografía na primeira metade do s. XX en Galicia”, *Boletín da Real Academia Galega*, n.º 380, “Simposio Antonio Fraguas”, 2019, pp. 57-78.

Artigo sobre o desenvolvemento da institucionalización da xeografía dende a década de 1920 no Seminario de Estudos Galegos, onde Fraguas, xunto con Otero Pedrayo e Risco, iniciou os estudos de xeografía de Galicia nun contexto de interdisciplinidade e consolidación do nacionalismo galego.

**Enríquez Morales**, María Xosé, “Entrañable lembranza do meu profesor don Antonio Fraguas”, *RAIGAME. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, n.º 43, 2019, pp. 60-67.

María Xosé Enríquez Morales dedica este traballo a lembrar a memoria do que fora o seu mestre no Instituto Rosalía de Castro (Santiago de Compostela). Céntrase, así, na faceta docente de Fraguas e, máis concretamente, nos case 20 anos que pasou como profesor nesta cidade, actividade que compaxinará con outras tarefas como a dinamización cultural. Así, fai un percorrido pola vida de Fraguas que comeza co seu traslado a Compostela e remata coa súa xubilación.

**Fandiño Veiga**, Xosé Ramón, “A Compostela de Don Antonio Fraguas, ‘por Xelmírez áurea, por Fonseca sabia e pol-o Apóstolo Santa’”, *RAIGAME. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, n.º 43, 2019, pp. 68-77.

Xosé Ramón Fandiño Veiga recrea neste traballo a cidade de Compostela a través da ollada de Antonio Fraguas. O autor deste artigo vai describindo o ambiente da cidade compostelá ao longo das páxinas que o compoñen, ao tempo que aborda a relación que Fraguas tivo con ese ambiente nos distintos momentos da súa vida. O traballo estrutúrase en tres partes: “Estudios universitarios”, “Seminario de Estudos Galegos e Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento” e “Retorno a Santiago como Catedrático de Xeografía e Historia”.

**Fernández Cerviño**, María Xosé, “Antonio Fraguas e Xaquín Lorenzo, vidas un pouco paralelas, con perdón de Plutarco e de Caro Baroja”, *Adra*, n.º 14, 2019, pp. 95-101.

Esta publicación fai un repaso pola traxectoria persoal e profesional de Antonio Fraguas e Xaquín Lorenzo. Así, de maneira cruzada, vanse relatando as vivencias persoais e notas biográficas da nenez e adolescencia de ámbolos dous (a chegada ao Seminario de Estudos Galegos, os estudos universitarios en Santiago...) e a súa confluencia na actividade política, ambos galeguistas. Os seus camiños tamén se entrelazan na actividade profesional coas peticións de colaboracións no *Boletín*, no Museo do Pobo Galego, ou o galardón do Premio Trasalba.

\_\_\_\_\_, “Antonio Fraguas, de Insuela á Real Academia Galega”, *Boletín da Real Academia Galega*, n.º 380, “Simposio Antonio Fraguas”, 2019, pp. 13-22.

Artigo no que percorre o roteiro vital de Antonio Fraguas dende o seu nativo concello de Cotobade até chegar á cadeira que Castelao deixou vacante na Real Academia Galega.

**Fraguas Fraguas**, Antonio, “Apéndice documental do folk-lore de Amesés-Listanco”, *RAIGAME. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, n.º 43, 2019, pp. 89-99.

Reprodúcese a quinta publicación de Antonio Fraguas Fraguas no Boletín Mensual da Cultura Galega Nós (n.º 96), que versa sobre unhas notas etnográficas recollidas na freguesía de Amesés. Inclúese ademais unha breve introdución de Clodio González Pérez, que precede o texto orixinal de Fraguas.

**Gómez Fuentes, Raquel**, “Presentación en Vigo da obra *As Letras Galegas na Encrucillada*”, *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 211, “Crónica”, xaneiro-febreiro 2019, p. 89.

Recolle unha breve crónica dos actos de presentación do último número da revista *Encrucillada* e do libro *As Letras Galegas na Encrucillada*, que tivo lugar nos locais da parroquia do Sagrado Corazón de Xesús de Vigo o día 18 de xaneiro e no que participaron, entre outros, Xesús Portas Ferro e Emilio González Avión, quen fixo un pequeno achegamento á figura de Fraguas.

**González Pérez, Clodio**, “Antonio Fraguas: Un dos bos e xenerosos”, *RAIGAME. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, n.º 43, 2019, pp. 6-17.

Clodio González Pérez achéganos neste traballo unha detallada biografía de Antonio Fraguas. Para isto, comeza facendo un percorrido polas súas orixes en Loureiro (Cotobade) e continúa describindo a súa etapa de xuventude en Compostela, onde entra en contacto co galeguismo. Explica González Pérez que, tras a represión da guerra civil, foi membro correspondente da Real Academia Galega e logo membro numerario (ocupando a cadeira de Castelao), ademais de estar involucrado noutros proxectos da posguerra como o Instituto Padre Sarmiento de Estudos Gallegos. Ademais, Fraguas desenvolveu a docencia en Lugo e Compostela e participou na creación do Museo do Pobo Galego, antigo desexo dos intelectuais que compuñan o Seminario de Estudos Galegos.

\_\_\_\_\_, “Antonio Fraguas, etnógrafo”, *Boletín da Real Academia Galega*, n.º 380, “Simposio Antonio Fraguas”, 2019, pp. 165-183.

Relatorio sobre a obra de contido etnográfico e ou folclórico realizada por Antonio Fraguas. no que destaca as publicacións etnográficas *La Galicia insólita: Tradiciones gallegas*, *El traje gallego*, *Aportacións ao cancionero de Cotobade*, *Romarías e santuarios* e *A festa popular en Galicia*.

\_\_\_\_\_, “Antonio Fraguas Fraguas: fitos senlleiros dunha vida dedicada a Galicia”, *Boletín da Real Academia Galega*, n.º 380, “Alocucións académicas sobre Antonio Fraguas Fraguas”, 2019, pp. 239-248.

Clodio González Pérez fai un repaso pola vida de Antonio Fraguas destacando algúns fitos senlleiros e resaltando a pegada que na súa existencia deixaron distintos acontecementos e persoas: a súa nai, “mamá Antonia”, o seu mestre na escola de Famelga, os compañeiros do Seminario de Estudos Galegos etc.

**Mandianes Castro, Manuel**, “A Galicia de Fraguas”, *Boletín da Real Academia Galega*, n.º 380, “Simposio Antonio Fraguas”, 2019, pp. 159-164.

Artigo no que percorre os movementos intelectuais que se desenvolvían na época de Fraguas no que analiza como o ambiente no que se desenvolveu o polígrafo foi o das

ideas de Nós e no que reflexiona sobre a concepción de Fraguas sobre Galicia e a identidade galega.

**Méndez García**, Rosa María, “Don Antonio Fraguas e o Museo do Pobo Galego”, *RAIGAME. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, n.º 43, 2019, pp. 78-89.

Para pechar o número 43 da revista *RAIGAME*, dedicado integramente á figura de Antonio Fraguas, Rosa María Méndez García elabora un traballo no que aborda a súa relación co Museo do Pobo Galego. Este proxecto nace dunha antiga necesidade detectada polos homes que conformaban o Seminario de Estudos Galegos (SEG), no que o propio Antonio Fraguas estivera involucrado na súa etapa de xuventude.

**Noia Campos**, María Camino, “Antonio Fraguas. O profesor”, *Boletín da Real Academia Galega*, n.º 380, “Simposio Antonio Fraguas”, 2019, pp. 105-122.

Realiza un percorrido pola vida docente de Antonio Fraguas Fraguas dende 1919 até o 1963, pasando por A Estrada, Lugo e o Instituto Rosalía de Castro en Santiago de Compostela.

**Paül i Carril**, Valerià, “A xeografía de Galiza con e após Fraguas”, *Boletín da Real Academia Galega*, n.º 380, “Simposio Antonio Fraguas”, 2019, pp. 79-104.

Analiza as cuestións principais da xeografía de Antonio Fraguas interpretándoas diacronicamente dende 1953 cara a adiante, destacando o papel da xeografía académica da Universidade de Santiago de Compostela a finais dos anos 60.

**Pazos Gómez**, Manuel, “Antonio Fraguas Fraguas: ‘Non podemos borrar o pasado’”, *Murguía. Revista galega de historia*, n.º 39, “Lembranzas”, xaneiro 2019, pp. 151-166.

Co gallo do Día das Letras Galegas, Manuel Pazos Gómez elabora un traballo dedicado á figura de Antonio Fraguas. A partir dun encontro co homenaxeado, Pazos Gómez vai reconstruíndo a súa biografía e intercalando fragmentos do devandito encontro nos que o propio Fraguas lembra, xa dende a vellez, as distintas épocas da súa vida.

**Pernas Oroza**, Herminia, “Unha achega dende a historiografía”, *RAIGAME. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, n.º 43, 2019, pp. 44-49.

Herminia Pernas Oroza dá conta neste traballo da faceta historiadora de Antonio Fraguas. Explica a autora que coa súa tese, enfocada ao estudo do colexio de Fonseca, se inicia no estudo da nosa historia e que, a partir dese momento, comezará a publicar outros traballos, combinando moitas veces unha perspectiva etnográfica e histórica.

**Pintos Barreiro**, Gualtería, “A vida nun sobre”, *Adra*, n.º 14, 2019, pp. 103-108.



Gualteria Pintos Barreiro realiza un percorrido pola vida de Antón Fraguas seguindo por orde cronolóxica a súa correspondencia, abundante e conservada por enteiro. Antón Fraguas contou con profesores coma Losada Diéguez e Castelao no bacharelato e chegou a Compostela para estudar Filosofía e Letras no ano 1924, momento no que comeza a recibir correspondencia. Sendo profesor no instituto da Estrada, comeza a recibir as primeiras cartas de amigos como Ánxel Casal baixo o nome da súa esposa, coincidindo cos primeiros indicios da futura ditadura. Mantivo contacto con persoeiros como Otero Pedrayo, Filgueira Valverde, Lorenzo Xocas, Fernández del Riego e Álvaro Cunqueiro e todas as súas cartas contan cun título que vai dende “estudante” até “catedrático”. Tamén se engade unha pequena análise histórica baseada nos distintos selos da correspondencia, entre os que se inclúe un que conmemora a aprobación do Estatuto de Autonomía en 1980 e conta cos primeiros versos do Himno Galego.

**Ramos Aguirre**, Carlos, “Etnografía e Folclore: Relixión e crenza popular en Antonio Fraguas”, *Encrucillada*, n.º 212, “Estudos”, marzo 2019, pp. 32-60.

Carlos Ramos Aguirre ofrece un extenso estudo sobre o tratamento da materia relixiosa e credencial do pobo galego que Antonio Fraguas realiza na súa obra. Aguirre considera que a labor de este autor, xunto con outros membros do Seminario de Estudos Galegos, é fundamental para o rescate cultural da Galicia moderna. A obra de Antonio Fraguas é un referente para etnógrafos, antropólogos e sociólogos con interese na cultura galega, debido a como reflicte na súa obra a vida e a historia da parroquia e da aldea galegas e, tamén, ao amplo catálogo de relatos do imaxinario galego que recolle nos seus escritos.

**Reigosa Carreiras**, Antonio, “A Galicia máxica de don Antonio Fraguas”, *Boletín da Real Academia Galega*, n.º 380, “Simposio Antonio Fraguas”, 2019, pp. 23-42.

Artigo sobre as achegas de Antonio Fraguas ao coñecemento e interpretación da mitoloxía popular galega, centrándose nas publicacións en torno aos mitos, ritos e figuras sobrenaturais da cultura popular tradicional galega.

**Sánchez-Carretero**, Cristina, “Antropoloxía(s) en Galiza na actualidade”, *Boletín da Real Academia Galega*, n.º 380, “Simposio Antonio Fraguas”, 2019, pp. 187-197.

Realiza unha cartografía da institucionalización da antropoloxía na Galicia actual en diferentes ámbitos públicos e privados.

**Senén**, Felipe, “Antonio Fraguas e un ideal de Nós cumprido: o Museo do Pobo Galego”, *Luzes*, n.º 68, “República”, maio 2019, pp. 72-75.

Homenaxe a Antonio Fraguas, a quen se lle dedica o Día das Letras Galegas 2019, que recolle de xeito moi resumido a súa biografía e achega información de como se constitúe o Museo do Pobo Galego grazas a un grupo de rapaces do Colexio de Arquitectos de Galicia, seguidores de Fragua, o 31 de xullo de 1976.

**Vázquez-Monxardín Fernández**, Afonso, “Antón Fraguas, en Trasalba, 1983, co SEG e o IPSEG ao fondo”, *RAIGAME. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, n.º 43, 2019, pp. 18-27.

Afonso Vázquez-Monxardín Fernández presenta un estudo sobre a figura de Antón Fraguas a través de dous proxectos galeguistas nos que estivo implicado: o Seminario de Estudos Galegos (SEG), durante a preguerra, e o Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos (IPSEG), durante a posguerra. Vázquez-Monxardín comeza reflexionando sobre a conexión que, no primeiro terzo do século XX, existía entre o galeguismo auriense e o da provincia de Pontevedra, para continuar explicando como Fraguas entrou en contacto co grupo ourensán a través do seu mestre Losada Diéguez e como, tras a guerra civil, participou na reunificación dese galeguismo arredor do IPSEG.

**Vilar Álvarez**, Manuel, “Don Antonio Fraguas Fraguas na antropoloxía”, *RAIGAME. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, n.º 43, 2019, pp. 36-43.

Manuel Vilar Álvarez ofrécenos neste traballo unha ollada sobre a faceta antropolóxica de Antonio Fraguas. Comeza a súa contribución cunha contextualización xeral, na que fai un percorrido pola historia dos estudos antropolóxicos para despois pasar a abordar a figura de Fraguas no ámbito da antropoloxía galega.

#### IV.4. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS

**Neira**, Marta, “Letras Galegas: un cómic de acción sobre Antón Fraguas”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 5 maio 2019, p. 5.

Presenta o cómic *A detective Peregrina e o insólito caso Antón Fraguas* (2018), sobre o cal explica que ten como protagonistas a Roque e Peregrina, admiradores das cancións de transmisión oral e outros elementos da tradición que investigan o labor de Fraguas, deténdose no contido do *Cancionaeiro de Cotobade* e lembrando os seus traballos sobre o Entroido. Destaca que as ilustracións do volume, da man do debuxante Carlos Taboada, “guían a narración e responden ao facer dos cómics”.

## IV.5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓ U COLABORACIÓNS FIXAS

**Aldán**, Clara, “Cuidado con el ‘leira a leira”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Y Además”, “A praza da verdura”, 16 maio 2019, p. 24.

Dá conta da celebración dun acto para festexar o Día das Letras Galegas na cidade de Pontevedra, no que participan as escritoras Leticia Costas, Iria Collazo e Arantza Portabales e o escritor Pedro Feijóo.

\_\_\_\_\_, “De fiesta en fiesta y tiro porque me toca”, *Diario de Pontevedra*, “D\_verano”, “A praza da verdura”, 16 agosto 2019, p. 18.

Salienta que a Asociación Cultural Airiños da Nosa Terra está moi interesada na figura de Antonio Fraguas e que organizou unha visita para programar actividades culturais en torno ao escritor e etnógrafo.

**Aleixandre**, Marilar, “Antonio Fraguas: escribir libros fronte a queimar libros”, *Sermos Galiza*, n.º 347, “Opinió”, “Desescribindo”, 23 maio 2019, p. 4.

Lembra a traxectoria de Antonio Fraguas e os inicios da súa andaina académica aseverando que, consciente de que o ensino cambiara a súa vida, o homenaxeado se dedicou e comprometeu a ensinar a outros e a transmitir o cariño pola paisaxe galega. Salienta que hai estudos de Fraguas que non chegaron a nós: *Terra de Melide* (1933) e *Terra do Deza* (1928),

**Alonso Montero**, Xesús, “Fraguas e as musas populares”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, “Opinió”, 5 abril 2019, p. 14.

Recorda que a principal ocupación de Antonio Fraguas foi recoller as manifestacións da sociedade rural galega, dun xeito especial as literarias. Cita a outros etnógrafos e salienta a que chama valiosa colectánea de Antonio Fraguas *Aportacións ó Cancioneiro de Cotobade*, onde deixa unha fotografía das tradicións populares da comarca.

\_\_\_\_\_, “Fraguas e Rosalía”, *La Voz de Galicia*, “Opinió”, “Beatus qui legit”, 12 abril 2019, p. 16.

Sinala que no ano 1985 o mosteiro de Poio foi escenario dunhas xornadas rosalianas durante os meses xullo e agosto, datas nas que se conmemoraban os cen anos do pasamento de Rosalía de Castro, e que nelas participou, entre outros, Antonio Fraguas. Indica ademais que os seus relatorios están recolleitos no volume *Cursos Superiores de Verano en Galicia. Año 1985*, editado pola Fundación Alfredo Brañas un ano despois, e que, pese a non ser el un rosaliólogo, debruzouse, como antropólogo cultural, sobre os versos galegos de Rosalía no artigo “Las costumbres populares gallegas en la literatura de Rosalía” (pp. 31-52).

**Ares Pérez**, Carlos X., "Letras Galegas 2019: un tributo á galeguidade dende o rural", *O Sil*, n.º 275, "Especial Letras Galegas", "O Barco", maio 2019, p. 21.

Artigo sobre a figura de Antonio Fraguas no que salienta o seu traballo como etnógrafo e incita a que a festividade das Letras Galegas deste ano sexa un punto de partida á inclusión desta especialidade nos graos universitarios e dea un pulo ao recoñecemento e valorización pública e institucional dos traballos de etnografía e antropoloxía.

**Balsameda**, Rubén, "El IES Lucus Augusti organiza varios actos dedicados a Fraguas", *El Progreso*, "Lugo", "Mira Lugo", 6 maio 2019, p. 8.

Apunta que no IES Lucus Augusti se inaugurará a mostra "Os nove anos de Fraguas en Lugo" e se presentará un libro co mesmo título e unha páxina web, ademais de darlle o nome de Fraguas a unha aula.

\_\_\_\_\_, "Conferencia de Adolfo de Abel sobre Antonio Fraguas en Lugo", *El Progreso*, "Lugo", "Mira Lugo", 21 maio 2019, p. 20.

Faise eco da conferencia de Adolfo de Abel Vilela que leva por título *Antonio Fraguas Fraguas. Lugo a etapa da liberdade* e que terá lugar na sede da Deputación Provincial de Lugo o 21 de maio ás 20.00 horas.

\_\_\_\_\_, "Marisa Irimia lleva a la Biblioteca una función infantil sobre Fraguas", *El Progreso*, "Lugo", "Mira Lugo", 24 maio 2019, p. 28.

Indica que Marisa Irimia presenta o espectáculo pedagóxico *Meigas e mouras. Biosbardos e trasnos*, dirixido a nenos de 4 a 12 anos. A actividade organizase no marco da homenaxe a Antonio Fraguas como estudoso do folclore.

**Barciela**, Alberto, "Na memoria de Fraguas (1)", *Diario de Pontevedra*, "Vivir Aquí", "Sociedad", p. 51/ *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", "Día das Letras Galegas", p. 52, "Análise", 16 maio 2019/ *El Correo Gallego*, "Día das letras galegas", 17 maio 2019, p. 12.

Artigo no que sitúa a Galicia nos límites da globalización e no que amenta a Rosalía de Castro, que é unha nai; a Curros e Cabanillas, como poema; a Otero Pedrayo e Antonio Fraguas, en xeografía; a Pondal, en celtismo; a Fole, en conto; a Brañas, en rexionalismo; a Cunqueiro, en realidade máxica; e a Castelao, en caricatura.

**Becerra**, Marta, "Educación, motor del Mundo", *El Progreso*, "Lugo", "El despertador", 10 abril 2019, p. 11.

Informa que os colexios católicos de Lugo celebraron no Auditorio a Festa da Lingua cun espectáculo de Magín Blanco e cun achegamento á figura de Antonio Fraguas.

**Blanco Valdés**, Juan L. “Fraguas na memoria”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 18 maio 2019, p. 33.

Lembra cando nas prensas universitarias traduciron a lingua galega e publicaron o texto *O Colexio de Fonseca*, que, editado en castelán polo CSIC en 1958, fora a tese de doutoramento de Antonio Fraguas. Con motivo desta edición, estreitou vínculos co homenaxeado. Apunta que Fraguas fora tamén profesor no Colexio Libre Adoptado Inmaculada Concepción, onde impartiu aulas ao seu pai e os seus tíos.

**Bragado**, Manuel, “Antonio Fraguas, activista galeguista”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, 14 maio 2019, p. 28.

Columna de opinión con motivo da próxima celebración do Día das Letras Galegas na que repasa toda a traxectoria vital de Antonio Fraguas Fraguas, como mestre e profesor de instituto, investigador e fundador do Museo do Pobo Galego.

\_\_\_\_\_, “Pasadas as Letras”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Campo de Granada”, 21 maio 2019, p. 24.

Afirma que o Día das Letras Galegas caeu nunha rutina e nun protocolo galeguista incapaz de conectar coa maioría da sociedade civil, ao contrario que as mobilizacións en defensa do galego organizadas pola Mesa pola Normalización Lingüística. Incita a repensar de xeito colectivo o futuro do Día das Letras Galegas “coa intención de enxergar un futuro para o noso idioma”.

**Campo**, Marica, “Amar é un verbo”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, “A tecelá en outono”, 17 maio 2019, p. 29.

Artigo con motivo do Día das Letras Galegas no que, sen ir en detrimento da honra a Antonio Fraguas, séntese na obriga de lembrar unha vez máis a Ricardo Carvalho Calero, “o sempre postergado pola academia”.

**Canedo**, Cibrán, “Conciertos y cuentos el 17 de mayo”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Invitado especial”, 13 maio 2019, p. 28.

Recolle as actividades programadas no Concello de Outes para a celebración do Día das Letras Galegas, con especial atención a un contacontos dedicado a Antonio Fraguas e o certame literario Francisco Añón.

**Castro López**, José, “Don Antonio Fraguas”, *Diario de Arousa/ Diario de Ferrol/ El Ideal Gallego*, “En la orilla”, “Opinión”, p. 25/ *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 30/ *El Correo Gallego*, “As Letra Galegas”, p. 17/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 31, 15 maio 2019.

Lembra a súa experiencia como alumno de Fraguas e afirma que asistir ás súas clases era unha “delicia, sobre todo cando nos permitía desviarnos do programa”. A súa relación



con el continuou durante anos e agradece o feito no que lle ensinou a amar Galicia. Apunta que, coñecendo a súa humildade, non estaría moi entusiasmado coa homenaxe, posto que adoitaba dicir: “eu non fixen ningún milagre como para pregoalo por aí adiante”.

**Castro Ratón**, Xosé, “O caudal inesgotábel da cultura popular”, *Diario de Arousa*, “Opinión”, “Outra ollada”, 10 xaneiro 2019, p. 6.

Apunta que as letras de Aninovo miran xa cara á figura de Antonio Fraguas, académico galeguista, vinculado ao Museo do Pobo Galego, o Seminario de Estudos Galegos, o Instituto Padre Sarmiento e a Real Academia Galega. Cita ao presidente da RAG afirmando que Fraguas “abre para todos nós a explicación profunda da nosa identidade: o tesouro inmenso da cultura popular”.

\_\_\_\_\_, “A carballeira das letras”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, “Outra ollada”, 16 maio 2019, p. 6.

Destaca a importancia de que o acto con motivo do Días das Letras Galegas se celebre na Carballeira de Famelga, ao pé da escola onde estudou Antonio Fraguas Fraguas. Explica que é unha figura que viviu forzado no “exilio interior” e que se suma dende a súa aldea vital ás reivindicacións que reclaman “liberdade, igualdade e xustiza” para o idioma galego.

**Cermeño**, Xosé, “Don Antonio Fraguas rindo da súa butaca”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Punta balea”, 21 maio 2019, p. 3.

Lembra unha senlleira anécdota que viviu con Antonio Fraguas: cando lle pediu información sobre o Entroido, o autor foi buscar as caixas que tiña cheas de información, mais os papeis estaban triturados por culpa dos ratos.

**Cerviño González**, Francisco, “Quen é Sebastián González?”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, 12 xuño 2019, p. 16.

Columna na que lembra a Sebastián González, xa que, con motivo da celebración do Día das Letras Galegas, aparece nas distintas publicacións sobre Antonio Fraguas, tanto no texto como nas fotografías, o nome e a imaxe de Sebastián González, moi vinculado a Fraguas no Instituto de Pontevedra, no Seminario de Estudos Galegos e no Partido Galeguista.

**De Blas**, Ceferino, “Fraguas y FARO”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 16 maio 2019, p. 33.

Columna de opinión na que recolle as colaboracións de Antonio Fraguas Fraguas co xornal *Faro de Vigo*. Apunta que as súas achegas comezaron no ano 1987 e continuaron até pouco antes da súa morte.

**Estévez**, Xerardo, “Da Coruña a Cotobade”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Paisaxes e palabras”, 25 maio 2019, p. 16.

Breve artigo no que a través do percorrido que Estévez describe polas costas de Vigo até A Coruña, remata en Cotobade, onde recorda a Antonio Fraguas no acto levado a cabo pola Real Academia Galega. Remata cunha reflexión cara ás eleccións do mes de maio dese ano.

**Felipe-Senén**, “Do pobo para o pobo: a humildade e a grandeza de Antonio Fraguas”, *La Opinión*, “Opinión”, “O labirinto do alquimista”, 19 maio 2019, p. 33.

Lembra toda a traxectoria vital de Antonio Fraguas, facendo fincapé nos fitos máis relevantes: as Irmandades da Fala, o Seminario de Estudos Galegos, o Estatuto de Galicia, a súa elección como numerario da Real Academia Galega e todas as distincións que foi obtendo ao longo dos anos.

**Fernán Vello**, “Letras Galegas”, *El Progreso*, “Opinión”, “Madia leva”, 18 maio 2019, p. 61.

Columna na que repasa a traxectoria das 57 edicións do Día das Letras Galegas, afirmando que a celebración da Academia Galega cumpriu e cumpre perfectamente a súa función no tempo. Canto á literatura galega, loa a medieval e a calidade da poesía e narrativa contemporáneas. Asemade, anima á creación do Instituto Rosalía de Castro para proxectar as Letras Galegas no mundo.

**Fernández, L.**, “Os vellos oficios chegan á aula”, *La Región*, “Baixa Limia”, 12 febreiro 2019, p. 23.

Dá a coñecer as actividades que se realizaron no “Encontro de Cultura Popular” que se celebrou en Bande. Salienta a participación de Manuel Rivas, do profesor Xoán Carlos Domínguez e doutros participantes nos diferentes obradoiros que puxeron en valor a cultura popular galega homenaxeando a Antón Fraguas.

**Fernández Cerviño**, María Xosé, “Letras Maternas”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, 17 maio 2019, p. 17.

Salienta que a homenaxe a Antonio Fraguas co Día das Letras Galegas abrangue a lingua enteira dun pobo e lembra a súa etapa formativa, dende que comezou a aprender letras nun silabario que tiña súa nai até a Universidade de Santiago.

**Fernández Prieto**, Lourenzo, “A Galicia baleirada de Antonio Fraguas”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Mañá empeza hoxe”, 21 maio 2019, p. 17.

Destaca a faceta de etnógrafo de Antonio Fraguas, cuxo traballo permite percorrer o seu tempo de home moderno en tres décadas; a ditadura, en catro; e a recuperación da

democracia, noutras tres. Apunta que o seu traballo sobre o mundo rural estaba moi ligado ao seu galeguismo político e ás mudanzas da Galicia moderna.

**Franco**, Fernando, “A movida das letras”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, Mira Vigo”, 16 maio 2019, p. 9.

Indica que a revista de cultura e ocio en Vigo *A Movidada* celebrou o Día das Letras Galegas cun exemplar especial e cunha festa na que se recitaron poemas da man de Son Trío, Ana Fontenla, Pablo Rodríguez, Fiz Axeitos, Marcos Alonso e Mónica Bernárdez.

**Freixanes**, Víctor F., “Un ano para a cultura popular”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 13 xaneiro 2019, p. 14.

Dá conta da elección da figura e obra de Antonio Fraguas para ser homenaxeado no Día das Letras galegas. Fai un breve percorrido pola actividade que esta efeméride concita e cita as múltiples institucións que se unen ano a ano.

\_\_\_\_\_, “A escoliña de Famelga”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 12 maio 2019, p. 15.

Reflexiona sobre o papel dos mestres e das mestras na sociedade, tanto en tempos pretéritos coma no presente, centrándose, especialmente, nas escolas rurais e no papel da Segunda República na universalización da educación. Estas consideracións teñen que ver co feito de que o 17 de maio se homenaxee a Antonio Fraguas Fraguas, un mestre que abriu os ollos das crianzas á curiosidade primeira do mundo.

\_\_\_\_\_, “Unha historia de amor”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 5 maio 2019, p. 17.

Co gallo da homenaxe que se vai celebrar en Cotobade a Antonio Fraguas o día 17 de maio na carballeira de Famelga, preto da igrexa de Santiago de Loureiro, comenta que no cemiterio hai unha campa onde se pode ler a historia de Florentina García. Trátase dunha moza que supostamente morreu de amor aos 23 anos, en 1857, e cuxa historia conmoveu a toda a veciñanza, incluso décadas máis tarde. Tanto é así que esa historia chegou a oídos de Castelao e este incorporou unha dedicatoria a Florentina no libro *Cousas* publicado en 1929, mais os feitos acontecidos tamén aparecen na portadiña do segundo libro de *Cousas*.

**García**, Montse, “Roteiro por Boisaca”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Otros actos hoy”, “Letras”, 12 abril 2019, p. L10.

Informa sobre a iniciativa que implicará ao alumnado de Bacharelato do IES Antonio Fraguas, que realizará un roteiro para reivindicar a figura do escritor homónimo ao seu centro de estudos.

\_\_\_\_\_, “Unha carreira como tributo a Antonio Fraguas, o día 17”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Camiño das Letras Galegas”, 4 maio 2019, p. L10.

Dá conta da celebración da sétima edición da Carreira Camiño das Letras, na que se homenaxeará en Santiago de Compostela a figura de Antonio Fraguas.

\_\_\_\_\_, “Tras os pasos de don Antonio”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Día das Letras Galegas”, 8 maio 2019, p. L10.

Faise eco da ruta organizada polo Concello de Santiago polos lugares da cidade vinculados a Fraguas, que se levará a cabo os días 10, 11, 12, 16, 17 e 18 de maio.

\_\_\_\_\_, “O IES Rosalía lembra ao seu profesor Antonio Fraguas”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Día das Letras Galegas”, 13 maio 2019, p. L6.

Dá conta da inauguración da exposición no IES Rosalía de Castro das ilustracións da obra *Polas catro témporas*. Indica que tamén terá lugar unha representación de parte do discurso de ingreso de Fraguas na Real Academia Galega.

\_\_\_\_\_, “Más de 20 actividades y puertas abiertas por el Día dos Museos”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Programación de oito entidades museísticas de Santiago”, “Día das Letras Galegas”, 14 maio 2019, p. L10.

Informa das actividades programadas no Museo do Pobo Galego para a celebración do Día dos Museos e destaca que a maior parte estarán centradas na figura de Antonio Fraguas.

\_\_\_\_\_, “Propostas sobre Antonio Fraguas nos centros cívicos”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Letras Galegas”, 14 maio 2019, p. L10.

Informa da proposta levada a cabo polo Concello de Santiago para achegar a figura de Antonio Fraguas aos centros cívicos da cidade a través de actividades para todo tipo de públicos.

\_\_\_\_\_, “María Xosé Fernández Ceviño. Sempre dicía que non tivera outro vicio que os libros”, *La Voz de Galicia*, “*Antonio Fraguas. Letras galegas 2019*”, 15 maio 2019, p. 10.

Recolle unha entrevista con María Xosé Fernández Cerviño, membro do Padroado do Museo do Pobo Galego, que compartiu vinte e dous anos de traballo con Fraguas e é autora do volume *Antonio Fraguas Fraguas. Estancias vitais dun mestre sabio*. Fala sobre a imaxe que ten de Fraguas, comparte anécdotas e destaca o seu papel como divulgador.

\_\_\_\_\_, “Maratón de lectura da obra de Fraguas”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Letras”, 29 maio 2019, p. L10.

Indica que o 29 de maio das 11.00 ás 14.00 e das 17.00 ás 20.00 horas, na Fundación Granell, se realizará un maratón de lectura para homenaxear a Antonio Fraguas.

**García-Bodaño**, Salvador, *Simposio Antonio Fraguas, El Correo Gallego*, “Opinión”, “No pasar dos días”, 24 novembro 2019, p. 3.

Recolle información sobre o Simposio Antonio Fraguas, que se inaugura o 26 de novembro na sede da Real Academia Galega, indicando os relatorios que terán lugar ao longo dos tres días que dura. Finaliza citando as verbas coas que Fernández del Riego se referiu á súa escolla para o Día das Letras Galegas: “Nada definía mellor a Fraguas que o amor ao seu país e a consagración ao estudo da súa cultura”.

**García Iglesias**, José Manuel, “Don Antonio Fraguas”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Notas de actualidade”, 30 maio 2019, p. 2.

Amenta as exposicións dedicadas a Antonio Fraguas Fraguas que poden verse no Museo do Pobo Galego, no Instituto Rosalía de Castro e na facultade de Xeografía e Historia, lembrando que foi profesor en ambos centros docentes.

**Giráldez**, José Miguel, “Fraguas, a bondade”, *El Correo Gallego*, “Radio&TV”. “Recomendados”, 17 maio 2019, p. 54.

Columna na que destaca a calidade humana da bondade de Antonio Fraguas e que o define como “tecedor de complicidades verbais e xeográficas, alguén capaz de atopar a esencia que brilla nas escuridades do tempo, a palabra que subitamente revela cousas da nosa maneira de ser e vivir”.

**Gómez**, Cuca M., “Pontevedra, ciudad con arte”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 4 maio 2019, pp. 62-63.

Faise eco da celebración dunha conferencia sobre Antonio Fraguas titulada “Don Antonio Fraguas Fraguas, unha vida traballando por e para Galicia”, a cargo de Calo Lourido. O acto tivo lugar no marco da programación de “Maio, mes da lingua”, no local da Asociación de Veciños de San Roque.

\_\_\_\_\_, “Descanso en Area Grande”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, “Homenaje” 6 maio 2019, pp. 62-63.

Informa de que case medio centenar de xoves de Cercedo-Cotobade contribuíron a pór en valor a ruta e a figura de Antonio Fraguas a través dunha andaina e unha reunión co presidente municipal, Jorge Cubela.

\_\_\_\_\_, “De exposición en exposición”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, “Presentación”, 17 maio 2019, pp. 62-63.

Amenta que Polo Correo do Vento presentou o 16 de maio no Sexto Edificio do Museo de Pontevedra o seu último libro, dedicado a Antonio Fraguas.

**López**, Antonio, “Compromiso coa normalización”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Tribuna”, 17 maio 2019, p. 3.

Columna na que analiza os cambios que experimentaron Galicia e o galego entre o 17 de maio de 1963 e a actualidade. Amenta que este ano se homenaxea á “egrexia figura” de Antonio Fraguas, do cal salienta a súa obra escrita e a súa contribución á construción do Museo do Pobo Galego.

**Montero**, Luís, “Celebra a RAG o Día das Letras ao pé da escola de Fraguas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias, ciencia, cultura, ocio”, 10 maio 2019, p. 42.

Informa do pleno extraordinario da RAG na carballeira de Famelga.

\_\_\_\_\_, “Antonio Fraguas, mestre na procura da memoria colectiva”, *El Correo Gallego*, “Tendencias, ciencia, cultura, ocio”, 18 maio 2019, p. 32-33.

Artigo que informa da publicación do libro *Do tempo e dos astros* por parte da editorial Galaxia, e fala das dúas partes que constitúen esta publicación: *O culto aos mortos e Preocupación polo tempo e os astros na crenza popular*.

**Parga**, Xulián, “Adeus ao amigo que puido ser”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 23/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 21, “Tribuna”, 4 xuño 2019.

Lembra a Manolo Regueiro e a súa idea, xunto a Xulio Xia, de honrar o “Ano Antonio Fraguas” amentando a súa publicación *Nove anos de Antonio Fraguas en Lugo*, que saíu en forma de libro, exposición no instituto Lucus Acusti e páxina web.

**Peñamaría**, Begoña, “Vivan las letras gallegas”, *La Opinión*, “Opinión”, 17 maio 2019, p. 31.

Columna na que ofrece a súa versión persoal do Día das Letras Galegas dende que comezou a escribir e amenta a Rosalía de Castro como gran intelectual que tivo que enfrontarse a toda unha sociedade. Apunta que cando aínda non lle interesaba a literatura, pouco lle importaban as lecturas de Castelao, Cunqueiro ou Neira Vilas.

**Perozo**, Xosé A., “Festa laica”, *Atlántico Diario*, “Opinión”, p. 27/ *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 29/ *La Región*, “Opinión”, p. 25, “Pensar por pensar”, 17 maio 2019.

Recolle unha breve crónica sobre o Día das Letras Galegas e as súas orixes con Francisco Fernández del Riego, Manuel Gómez Román e Xesús Ferro Couselo. Salienta que esta celebración acadou unha gran difusión da cultura galega, maior que a de todas as políticas e esforzos individuais e colectivos das últimas décadas.

**Pinto Antón**, Juan Antonio, “Corais para Fraguas no Vello Cárcere”, *El Progreso*, “Opinión”, p. 35/ *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, 23 maio 2019, p. 29.

Recolle unha crónica do desenvolvemento do acto de homenaxe a Antón Fraguas celebrado no Vello Cárcere de Lugo o 17 de maio, Día das Letras Galegas. Comenta que foi un concerto de corais no que se interpretaron pezas galegas dos mellores compositores e que ademais foi un evento ‘gourmet’ ou selecto, en tanto que a choiva obrigou a trasladalo ao interior deixando a moita xente fóra.

**R. B.**, “Cierre del año Fraguas en la sede de la Xunta con una exposición”, *El Progreso*, “Lugo”, “Mira Lugo”, 30 decembro 2019, p. 8.

Informa da inauguración da exposición na sede da Xunta de Lugo *Os nove anos de Fraguas en Lugo*, promovida por Manuel Regueiro Tenreiro e na que formaron parte activa Xulián Parga, Paco Martín e Antonio Prado Gómez.

**R. Gil**, Avelina, ”Aulas de película. Hollywood, Europa e mais os mestres na gran pantalla”, *Faro de Vigo*, ”*Faro da Cultura*”, n.º 711, ”Cinema”, 2 maio 2019, p. II.

Artigo sobre cinema no que menciona a decisión o 7 de xullo de 2018 de elixir a figura dun mestre, historiador e xeógrafo como protagonista do Día das Letras Galegas 2019. Indica que o exemplo de Antón Fraguas fai reflexionar sobre a visión adulterada que o cinema americano ofrece sobre os ensinantes.

\_\_\_\_\_, ”Aulas de película”, *La Opinión*, ”*Saberes*”, ”Cine”, 11 maio 2019, p. 6.

Nun artigo sobre cinema, amenta o plenario da Real Academia Galega do celebrado o 7 de xullo de 2018, no que finalmente se decide homenaxear a Antonio Fraguas Fraguas co Día das Letras Galegas.

**Rivas**, Ciprián, “Antonio Fraguas e as amizades perigosas”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 28/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 40, “Por Sotavento”, 16 maio 2019.

Lembra a concesión da Medalla Castelao a Antonio Fraguas Fraguas no 1984 e que, xunto con el, tamén a recibían Ricardo Carvalho Calero, Xosé Filgueira Valverde, Ánxel Fole, Emilio González López, Ramón Martínez López, Isidro Parga Pondal e Valentín Paz Andrade. Apunta que, entre esta nómina de autores, había algún nome que consideraba que Fraguas non era merecente de tal distinción. Lembra a súa relación con Fraguas e destaca que el mesmo non se consideraría merecedor do Día das Letras Galegas dada a súa humildade.

**Rivera Cela**, Francisco, “Lugueses con proxección”, *El Progreso*, “*Xente de aquí*”, “O blog de Paco Rivera”, 31 marzo 2019, p. 15.



Despois de lembrar a un grupo de galegos, os “madrigalegos”, que se desprazaron á capital para exercer diferentes traballos, refírese a Antonio Fraguas recordando que en Lugo pasou varios anos e que deixou pegada en moitos dos seus alumnos.

**Rozas**, Ramón, “Libros á rúa”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Y además”, “Saga/fuga”, 23 maio 2019, p. 25.

Informa sobre a iniciativa do Concello de Pontevedra en colaboración con librarías da vila chamada “Os libros galegos saen á rúa”. A xornada contará coa asistencia de Leticia Costas, Arantza Portabales, Pedro Feijoo e Iria Collazo. Esta iniciativa nace no seo da celebración Día das Letras Galegas.

**Siro**, “Castelao, Antonio Fraguas e eu”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, 18 maio 2019, p. 16.

Lembra a mesa redonda na que participou en Ferrol xunto con Antonio Fraguas e Ramón Piñeiro en 1975 conmemorando o vinte e cinco cabodano de Castelao. Indica que alí falou por primeira vez da revista alemá *Simplicissimus* e do debuxante noruegués Olaf Gulbransson, quen tivo moita influencia en Castelao. Afirmo que Fraguas estaba entusiasmado e que se interesou polo xeito en como Castelao chegaría a Gulbransson. Indica que no 1979 tivo a resposta, e é que chegou aos debuxantes polo escritor cubano Bernardo G. Barros, autor do manual *La caricatura contemporánea*. Amenta tamén o libro que publicou en 2018, *Castelao na arte europea*, sobre o cal afirma que debora terllo dedicado a Antonio Fraguas.

## IV.6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS

**Neira Cruz**, Xosé A., “O peor minifundio que temos en Galicia é o das ideas”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 17 maio 2019, p. 36.

Reprodúcese unha entrevista de 1992, inédita, que Antonio Fraguas lle concedeu a Xosé A. Neira Cruz.

## IV.7. PUBLICACIÓN EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓN E ESCRITOS VARIOS

A. B., “Reivindicación da lingua en feminino”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Festexo do Día das Letras Galegas”, 18 maio 2019, p. 4.

Dá a coñecer os actos impulsados polo concello vigués co gallo do día das Letras Galegas, entre eles, a lectura do bando da voz de Anaí Rodríguez.

A. P., “Unhas 200 persoas abren o pano do Ano Fraguas en Insuela, Loureiro”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, 14 xaneiro 2019, p. 23.

Informa da apertura do Ano Fraguas na parroquia onde naceu o homenaxeado, Antonio Fraguas.

\_\_\_\_\_, “A Real Academia Galega estrea en Carballedo a Primavera das Letras adicada a Antonio Fraguas”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Sociedad”, 1 marzo 2019, p. 58.

Informa do comezo da iniciativa da Real Academia Galega “Primavera das Letras” para achegar a figura dos homenaxeados no día das Letras Galegas (neste caso, Antonio Fraguas) ao alumnado máis cativo, no concello de Cotobade.

\_\_\_\_\_, “Antón Fraguas e os seus estudos, vivos no Entroido de Carballedo”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Sociedad”, 11 marzo 2019, p. 22.

Faise eco da organización no concello de Cerdedo-Cotobade do Entroido Antonio Fraguas, con disfraces tradicionais baseados nos estudos etnográficos de Antonio Fraguas.

\_\_\_\_\_, “Letras Galegas para todos os recunchos”, *El Correo Gallego*, “AC”, 18 maio 2021, p. 31.

Dá conta das celebracións do Día das Letras Galegas en Vedra, Boqueixón, Brión, Oroso, Cee, Camariñas, Outes, A Estrada e Lousame.

A. R., “Música, cinema e patrimonio”, *O Sil*, n.º 275, “Especial Letras Galegas”, “O Barco”, maio 2019, p. 21.

Recolle información da conferencia sobre o legado patrimonial galego e a importancia da súa divulgación que terá lugar o 10 de maio dentro do programa de actividades das Letras Galegas no Barco de Valdeorras. Esta levará por nome *O patrimonio cultural de Galicia: da herdanza de Antonio Fraguas ao futuro* e será impartida por Manuel Gago na Biblioteca Florencio Delgado Gurriarán. Ademais, indica que, para festexar o Día das Letras Galegas, tamén se realizarán diversas actividades, entre as que se atopa un maratón literario da man de Vagalume.

\_\_\_\_\_, "Vestindo o Malecón", *O Sil*, n.º 275, "Especial Letras Galegas", "O Barco", maio 2019, p. 21.

Faise eco das actividades que se realizaron nos centros educativos do Barco de Valdeorras para celebrar a Semana das Letras Galegas, centradas na etnografía e o patrimonio cultural.

**Abascal**, María, "O Simposio Antonio Fraguas profunda no legado do autor", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 4 novembro 2019, p. 26.

Informa sobre o simposio en homenaxe a Antonio Fraguas que se celebrará do 26 ao 28 de novembro, organizado conxuntamente pola Real Academia Galega, o Consello da Cultura Galega, o Museo do Pobo Galego e a Fundación Antonio Fraguas. Na xornada inicial intervirán Víctor F. Freixanes e María Xosé Fernández Cerviño, entre outros. Na xornada do día 27, participarán Francisco Durán, Valerià Paül, Camiño Noia, Henrique Monteagudo, Francisco Calo Lourido, Felipe Arias e María Pilar Prieto Martínez. Na xornada de clausura, ofrecerán as súas achegas María Concepción Losada, Clodio González, António Medeiros, Luzia Oca, Cristina Sánchez Carretero, Xosé C. Sierra e Xerardo Pereiro.

**Alonso Girgado**, Luís, "Testemuña da tradición oral. Don Antonio Fraguas e a nosa literatura", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n. 713, "Letras galegas, 2019", "Literatura", "Antonio Fraguas", 17 maio 2019, pp. IV-V.

Salienta o compromiso de Antonio Fraguas de reproducir Galicia en chave histórica, xeográfica, antropolóxica, etnográfica, folclórica, literaria e artística e o culto da materia literaria oral. Repasa as publicacións coas que Fraguas colaborou como testemuño da tradición oral: as colaboracións nas revistas *Cristal*, *Universitarios* e *Logos* e agrupa as súas achegas ao ámbito literario en catro apartados: notas biográficas, notas sobre cuestións de natureza non literaria, traballos recompilatorios e estudos teóricos.

**Álvarez**, Mario, "Fraguas, exemplo de conciliación para promover o orgullo de Galicia", *El Correo Gallego*, "Tendencias, ciencia, cultura, ocio", 23 febreiro 2019, p. 38.

Mostra a reunión das diferentes institucións culturais galegas para deseñar unha programación "ambiciosa" e conxunta para homenaxear a Antonio Fraguas.

\_\_\_\_\_, "Vegalsa-Eroski homenaxea a Fraguas nas súas tendas", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 14 maio 2019, p. 38.

Indica que a compañía galega de distribución alimentaria Vegalsa-Eroski se suma un ano máis á celebración do Día das Letras, creando unha tirada de 1.256.000 bolsas da compra cun fragmento dunha das obras de Fraguas.

\_\_\_\_\_, "Pecha o Museo do Pobo Galego o ano dedicado a Fraguas", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 5 decembro 2019, p. 39.

Faise eco das actividades que organizará o Museo do Pobo Galego en decembro para homenaxear a Antonio Fraguas: unha pequena exposición na que se recolle unha escolma de postais de Nadal que compartiu con Manuel Beiras, Ben-Cho-Sey, Francisco del Riego, Josefina e Teresa Castelao, Mario Cardozo ou José Pita Andrade. Ademais, indica que o Centro Ramón Piñeiro presentou o seu novo volume homenaxe a Antonio Fraguas, no marco da súa colección Cadernos Ramón Piñeiro, libro que foi presentado por Valentín García, Justo Beramendi, Luís Cochón, Víctor F. Freixanes, Rosario Álvarez, Jorge Cubela e Manolo González.

**Álvarez**, Rosario, “O ronsel de don Antonio”, *El Correo Gallego*, “*Día das Letras Galegas*”, 17 maio 2019, p. 16.

Lembra a figura de Antonio Fraguas, explicando que algún vez o autor tamén asinou como Antón, aínda que el se chamaba a si mesmo Antonio. Fai alusión á súa faceta de mestre, á súa participación en prospeccións arqueolóxicas, á recollida de costumes e tradicións populares, á súa colaboración en radio e prensa e á súa escrita de artigos e libros para divulgar o coñecemento do país. Ademais, salienta que “alí por onde pasaba, Antonio Fraguas deixaba un ronsel de iniciativas culturais”. Menciona que ao celebrarse o centenario, o Consello da Cultura Galega publicou o libro que recolle as súas colaboracións na prensa durante os últimos sete anos da súa vida, *Polas catro témporas*.

\_\_\_\_\_, “Os felices vinte”, *El Correo Gallego*, “especial”, 31 decembro 2019, p. 8.

Artigo con motivo do peche do ano no que aproveita para lembrar ao mestre Antón Fraguas e amentar unha panxoliña recollida por el na súa parroquia natal (“Falade ben baixiño, / petade pouquiño, / para que non esperte / o noso meniño”).

**Araguas**, Vicente, “Rosas vermellas para Don Antonio”, *Diario de Arousa/ Diario de Ferrol/ El Ideal Gallego*, “*Antonio Fraguas. Día das Letras Galegas 2019*”, “17 maio 2019, p. 33.

Artigo con motivo do Día das Letras Galegas no que recorda o seu paso pola Facultade de Filosofía e Letras, onde foi alumno de Antonio Fraguas, destacando a modestia na súa docencia e na súa personalidade. Explica que no ano 1936, o mestre tivo que sufrir a aldraxe de ter que limpar as pintadas das paredes da Estrada que convidaban a votar si ao Estatuto de Autonomía e apunta que non lle convence a teoría de que fose a súa condición de católico a que se salvase a Fraguas da queima.

**Ayala**, María, “Comeza a programación das Letras Galegas coa homenaxe a Fraguas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias, ciencia, cultura, ocio”, 14 xaneiro 2019, p. 26.

Informa do acto inaugural da programación das Letras Galegas 2019 na casa natal de Antonio Fraguas, en Insuela.

**B. L.**, “O Indiana Jones das corredoiras”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, 5 maio 2019, p. 57.

Expón as novidades do proxecto web Primavera das Letras, da RAG, que lle amosa á rapazada a figura de Antonio Fraguas.

**B. R.**, "Sete días cheos de iniciativas para os cativos", *El Progreso*, "II Semana das Letras e da Lectura", "Sarria", 6 maio 2019, p. 16.

Informa do programa de contacontos, música e cine que promove o concello de Sarria para festexar o día das Letras Galegas.

**B. Y.**, "A Lectura continuada abre unha semana para a cultura", *Diario de Arousa*, "Cambados", 14 maio 2019, p. 11.

Informa das actividades levadas a cabo polo concello de Cambados con motivo do día das Letras Galegas, entre elas, a tradicional lectura continuada pública de libros.

**Beramendi**, Justo, "Fraguas e o Museo do Pobo Galego", *La Voz de Galicia*, "Antonio Fraguas. Letras galegas 2019", "Presidente do Padroado do Museo do Pobo Galego", 15 maio 2019, p 6.

Informa da celebración do aniversario de Antonio Fraguas e o peche da exposición dedicada a el no Museo do Pobo Galego. No acto, participaron Justo Beramendi, Víctor Freixanes, Rosario Álvarez e Valentín García.

\_\_\_\_\_, "Fraguas: o compromiso perseverante", *El Correo Gallego*, "Día das Letras Galegas", 17 maio 2019, p. 20.

Eloxio das diversas facetas de Antonio Fraguas: cultural, política, educativa etc.

\_\_\_\_\_, "A xeira da Autonomía. Fraguas e o nacionalismo de Anteguerra", *Faro de Vigo*, "Faro da Cultura", n. 713, "Letras galegas, 2019", "Historia", "Antonio Fraguas", 17 maio 2019, p. XII.

Apúntanse algúns aspectos importantes da ideoloxía galeguista de Antonio Fraguas.

**Bernárdez**, Judit, "Un millar de títulos en gallego dan forma a la Feria del Libro de Tui", *Faro de Vigo*, "Baixo Miño", "Área Metropolitana", "Tui. O Rosal. A Guarda. Tomiño. Salceda de Caselas", 17 maio 2019, p. 13.

Informa da organización dunha Feira do Libro en Tui, que foi inaugurado pola escritora Iria Misa.

**C. P. R.**, "Concello y Olvido organizan la II Xuntanza das Letras Galegas en Mosteiro el día 17", *El Progreso*, "A Chaira", 14 maio 2019, p. 23.

Informa da organización da segunda edición da Xuntanza das Letras Galegas, promovida polo concello de Pol, coa colaboración da asociación de mulleres Olvido e a Deputación de Lugo.

\_\_\_\_\_, “Esfuerzo por Antón Fraguas”, *El Progreso*, “Deportes”, “Atletismo”, 16 maio 2019, p. 59.

Anuncia a organización da X Carreira Popular Escolar das Letras Galegas, promovida polo concello de Vilalba.

**C. R.**, “Doble cita de espectáculos de títeres”, *La Región*, “Fiestas de Ourense 2019”, “Infantil”, “Teatro en la calle”, 21 xullo 2019, p. 58.

A propósito da posta en escena da peza infantil *Os romeiros do Caracol* no marco da celebración das Festas de Ourense, explica a xénese de creación desta obra e indica que ten base na monumental obra *Romarías e Santuarios de Galicia*, na que Antonio Fraguas dedica un extenso capítulo a describir a peregrinación a Santo Andrés de Teixido.

**C. Piñeiro**, “Os nenos da Bola celebran a véspera do día das Letras Galegas”, *La Región*, “Celanova”, 11 maio 2019, p. 28.

Informa das actividades do concello da Bola co gallo das Letras Galegas.

**Calo Lourido**, Francisco, “O patrimonio arqueolóxico ao servizo da construción nacional”, *Sermos Galiza*, n.º 346, “*A fondo*”, n.º 218, “Especial Día das Letras Galegas”, 16 maio 2019, pp. 32-34.

Artigo sobre a faceta de Antonio Fraguas como catalogador e estudoso do patrimonio arqueolóxico, conseguindo facer xeografía, historia, etnografía e folclore cunha profunda pegada de amor a Galicia.

**Carrera**, Rosé, “Vigo vindica en feminino o Día das Letras”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 18 maio 2019, p. 7.

Mostra os actos que fomentou o concello de Vigo co gallo do Día das Letras Galegas.

**Carro**, Ana, “La cultura conquista a los candidatos”, *La Opinión*, “A Coruña”, 18 maio 2019, p. 2.

Sinala algúns proxectos culturais que prometen os candidatos ás alcaldías dalgúns dos concellos coruñeses máis importantes.



**Casalderrey**, Fina, “San Fraguas de Insuela, mestre tiña que ser”, *Diario de Pontevedra*, “*Día das Letras Galegas*”, 17 maio 2019, pp. 2-3.

Lembra que Antonio Fraguas estaba predestinado a ser maquinista de tren, mais, por xiros do destino, non emigrou e permaneceu en Galicia, onde tivo mestres como Sobrino Buhigas, Castelao, Losada Diéguez, Otero Pedrayo, Risco ou Cuevillas. Repasa a súa traxectoria docente e loa o seu bo facer como mestre.

**Casares**, Carlos, “Lembranza de don Antonio”, *La Voz de Galicia*, “*Antonio Fraguas. Letras galegas 2019*”, “Antonio Fraguas por Carlos Casares. Artigo publicado en *La Voz de Galicia* o 9 de novembro de 1999”, 15 maio 2019, p 14.

Reproduce un artigo publicado en *La Voz de Galicia* o 9 de novembro de 1999, da autoría de Carlos Casares. Nel rememóranse algúns aspectos biográficos de Antonio Fraguas.

**Cochón**, Luís, “Limiar”, *El Correo Gallego*, “*Día das Letras Galegas*”, 17 maio 2019, p. 18.

*Laudatio* da figura de Antonio Fraguas, con elocuentes anécdotas.

**CH. L.**, “Letras galegas á carreira”, *Diario de Arousa*, “O Barbanza”, 18 maio 2019, p. 17.

Recolle as actividades que tiveron lugar en distintas vilas da comarca do Barbanza para a celebración do Día das Letras Galegas. Destaca eventos como a Carreira Virxe da Guía, a Romaría das Letras no Barbanza ou a Feira de 1906 en Taragoña.

**Dacosta**, Henrique, “Dos Saberes de Antonio Fraguas”, *Diario de Arousa/ Diario de Ferrol/ El Ideal Gallego*, “*Antonio Fraguas. Día das Letras Galegas 2019*”, “17 maio 2019, pp. 34-35.

Con motivo do Día das Letras Galegas, lembra a figura de Antonio Fraguas, encarcerado aos inicios da Guerra Civil, de quen afirma que “a súa bonhomía, talla intelectual e profesional foron quen de poder salvalo da condena” e do que loa a súa boa memoria e a sorprendente facilidade coa que lembraba o cantigueiro popular e das foliadas. Destaca tamén o seu interese pola xeografía galega, traballando xunto a Otero Pedrayo e, en xeral, todo o seu labor como polígrafo, que non cesou durante toda a súa vida.

**Deaño**, Carlos, “Ofrenda do PsdG en Santiago ante o busto de Fraguas”, *El Correo Gallego*, “Primer plano”, 18 maio 2019, p.9.

Informa de que a candidatura socialista ao concello de Santiago honrou a memoria de Antonio Fraguas cunhas flores no seu busto.

**Díaz, Bruno**, “As distintas facetas de Fraguas, na nova xornada do simposio”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 28 novembro 2019, p. 47.

Recolle información sobre o Simposio Antonio Fraguas, que ten lugar no Museo do Pobo Galego e cuxo programa está coorganizado pola Real Academia Galega, o Consello da Cultura Galega e o Museo do Pobo Galego en colaboración coa Xunta de Galicia. Indica que Camiño Noia ofrecerá un relatorio no que analizará o perfil de Antonio Fraguas dende os seus comezos no instituto da Estrada até 1963, así como que o simposio concluirá o 28 de novembro, centrándose na etnografía e no folclore da man de María Concepción Losada, Clodio González, Antonio Medeiros, Luzia Oca, Cristina Sánchez Carretero, Xosé C. Sierra e Xerardo Pereiro.

**Diéguez Cequiel**, Uxío-Breogán, “Antonio Fraguas e o Seminario de Estudos Galegos (1923-1936)”, *Sermos Galiza*, n.º 346, “A fondo”, n.º 218, “Especial Día das Letras Galegas”, 16 maio 2019, pp. 10-11.

Artigo no que debulla as orixes do Seminario de Estudos Galegos e a relación de Fraguas con este. Indica que Fraguas se sumou ao Seminario “na segunda grande fornada”, no mesmo grupo que Ricardo Carvalho Calero, Sebastián González García-Paz ou Xoaquín e Xurxo Lourenzo Fernández. Apunta que a súa chegada ao Seminario non foi casual, pois foi alumno de Castelao, Ramón Sobrino Buhigas e Antón Losada Diéguez. Repasa os seus estudos e o seu afán por manter vivo o espírito do Seminario, legándoo ás novas xeracións.

**Dobarro**, Xosé María, “Don Antonio Fraguas nos meus recordos”, *Diario de Arousa/ Diario de Ferrol/ El Ideal Gallego*, “Antonio Fraguas. Día das Letras Galegas 2019”, “17 maio 2019, p. 36.

Rememora os recordos que ten de Antonio Fraguas Fraguas e recorda o seu vínculo ao Instituto Padre Sarmiento e o Museo do Pobo Galego. Indica que a literatura popular foi o tema do seu discurso de ingreso na RAG e salienta os seus traballos “Lenda e poesía popular nas nosas rías, no noso mar”, e os relatos *O Carmelo do Cordillo*, *Unha serán na catedra* e *Traxedias do mar e da Terra*, que publicou nas páxinas de *A Nosa Terra*

**E. P.**, “A Primavera das Letras achega a figura de Fraguas ao máis novos con actividades na rede”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 5 maio 2019, p. 39.

Faise eco da iniciativa Primavera das Letras, que ofrece unha ducia de actividades interactivas e fichas para descargar que achegarán aos usuarios á figura de Fraguas. Ademais, haberá un espectáculo musical e poético no que participarán máis de cen artistas.

\_\_\_\_\_, “Lousame deu comezo a Feta do Galego cunha xuntanza de música”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Noia. Muros”, 8 maio 2019, p. 32.

Recolle a programación do Concello de Lousame para a celebración do Día das Letras Galegas, informando dunha xuntanza de música, da presentación do libro *Roteiros*

*literarios: coñecendo a Antonio Fraguas*, da inauguración dunha exposición da man da pintora Marida Redondo, da presentación da obra *O ilustrado cura de Fruíme* e da actuación de Fantoques Baj. Todas as actividades terán lugar entre o 12 e o 17 de maio.

\_\_\_\_\_, "Un documental repasa no Museo do Pobo Galego a súa traxectoria", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 9 maio 2019, p. 37.

Informa da exposición organizada polo Museo do Pobo Galego e a Fundación Fraguas, que se inaugurará o 14 de maio, na que se presentará o documental sobre a vida e obra do autor homenaxeado, *Revisitando a Antonio Fraguas*.

ECCG, "FalaRedes 2019 ponse en marcha cunha homenaxe ás recopilacións de Fraguas", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 22 marzo 2019, p. 34.

Informa da presentación da actividade *Canta, miña pedra, canta*, coa que se pon en marcha unha nova edición do programa de dinamización do galego FalaRedes no marco da conmemoración do Día Mundial da Poesía e do internacional da Narración Oral, posto que parte de poemas tradicionais recollidos por Antonio Fraguas.

\_\_\_\_\_, "Homenaxe a Antonio Fraguas nestes festivos en O Carballiño e Mondoñedo", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 23 abril 2019, p. 37.

Informa das dúas paradas do programa de dinamización "FalaRedes" nas vilas do Carballiño e de Mondoñedo.

\_\_\_\_\_, "Roteiro con 7 paradas para dar a coñecer a relación de Antonio Fraguas e Santiago", *El Correo Gallego*, "Santiago", 8 maio 2019, p. 23.

Recolle información sobre o paseo denominado "Antonio Fraguas e a Compostela Insólita", que presentou o 7 de maio Branca Novoneyra, acompañada por María Abilleira. Indica que o roteiro inclúe paradas en lugares de Santiago de Compostela vinculados ao autor como a praza de Feixóo, o colexio de Fonseca, a árbore da ciencia, o IES Rosalía de Castro ou a carballeira de Santa Susana.

\_\_\_\_\_, "Homenaxe do Instituto Rosalía a Antonio Fraguas", *El Correo Gallego*, "Santiago", 14 maio 2019, p. 26.

Indica que o Instituto Rosalía de Castro rende homenaxe a Antonio Fraguas, antigo profesor neste centro. Para o acto, inaugurouse unha exposición de ilustracións das obras *Polas catro témporas*, coas colaboracións de Antonio Fraguas con *El Correo Gallego* e *La Voz de Galicia* entre 1992 e 1999 e tivo lugar unha conferencia da man da profesora María Xosé Enrique.

\_\_\_\_\_, "Exposición no Museo do pobo Galego sobre o polígrafo de Cotobade", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 14 maio 2019, p. 38.

Dá conta da exposición que organizan a Fundación Antonio Fraguas e o Museo do Pobo Galego con motivo do Día das Letras Galegas dedicado a Antonio Fraguas e que se

exhibirá no Museo do Pobo Galego. Especifica que ten dúas seccións, unha de contido biográfico e outra na que se amosan as vertentes nas que exerceu o seu traballo.

\_\_\_\_\_, “Loce xa nas estacións e trens de Renfe a imaxe do homenaxeado”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 15 maio 2019, p. 36.

Indica que a imaxe de Antonio Fraguas se exhibe nas estacións e nos trens de Renfe para conmemorar o Día das Letras Galegas. Á presentación do acto de inauguración acudiron o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, e o delegado da Xunta na Coruña, Ovidio Roderio, xunto a José Enrique Fonte e Alberto Martínez, xerente do servizo público da entidade ferroviaria e xefe da área comercial de Galicia.

\_\_\_\_\_, “A EGAP conmemora o Día das Letras Galegas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 16 maio 2019, p. 38.

Informa das actividades levadas a cabo da Escola Galega de Administración Pública para homenaxear a Antonio Fraguas.

\_\_\_\_\_, “Os comercios do Ensanche tamén renden tributo a Antón Fraguas no Día das Letras”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 17 maio 2019, p. 22.

Comunica as actividades propostas polos comercios do Ensanche santiagués.

\_\_\_\_\_, “Exposición sobre Fraguas en A Rocha Forte”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 7 novembro 2019, p. 25.

Nota que indica que a Asociación Cultural Rocha Forte inaugurará o 15 de novembro ás 18 horas a exposición *A Compostela de Don Antonio Fraguas*, que permanecerá aberta até o 15 de decembro.

\_\_\_\_\_, “Exposición sobre Antonio Fraguas en A Rocha”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 16 novembro 2019, p. 26.

Informa da exposición titulada *A Compostela de Don Antonio Fraguas*, que estará aberta ao público até o 15 de decembro no local da Asociación Cultural Rocha Forte.

**F. D.**, “Unidades didácticas sobre Fraguas”, *Atlántico Diario/ La Región*, “*Letras Galegas 2019*”, “Primaveira das letras”, 17 maio 2019, p. 14.

Mostra algunhas propostas de material didáctico para traballar o día das Letras Galegas e a biografía de Antonio Fraguas.

“Redescubriendo a figura de Fraguas”, *Atlántico Diario/ La Región*, “*Letras Galegas 2019*”, “Documental”, 17 maio 2019, p. 17.

Faise eco da presentación do documental *Revisitando a Antonio Fraguas*, proxecto audiovisual dirixido por Gonzalo Veloso. Indica que ten como obxectivo dar a coñecer a figura de Fraguas e que colaboraron nel, entre outros, Justo Beramendi, Clodio González, María Xosé Fernández e Víctor F. Freixanes.

\_\_\_\_\_, “Páxina web chea de lembranzas”, *Atlántico Diario/ La Región*, “*Letras Galegas 2019*”, “Legado dixital”, 17 maio 2019, p. 22.

Informa da existencia dunha páxina web feita por varios exalumnos de Antonio Fraguas durante a súa estada coma catedrático de Xeografía e Historia no Instituto Masculino de Lugo.

\_\_\_\_\_, “Eixos culturais e futuro das tradicións”, *Atlántico Diario/ La Región*, “*Letras Galegas 2019*”, “Día dos museos”, 17 maio 2019, p. 23.

Recolle as actividades que se levarán a cabo en diferentes museos para a conmemoración do Día das Letras Galegas, nomeadamente o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, o Museo Etnolóxico de Ribadavia, o Museo das Peregrinacións de Santiago de Compostela, o Centro Galego de Arte Contemporánea, o Museo de Belas Artes da Coruña, a Fundación Camilo José Cela e a Cidade da Cultura.

\_\_\_\_\_, “Natureza, igualdade e cultura”, *Atlántico Diario/ La Región*, “*Letras Galegas 2019*”, “Pobra de Trives”, “Programa”, 17 maio 2019, p. 27.

No marco das actividades de conmemoración do Día das Letras Galegas, o alumnado do CEIP Plurilingüe Manuel Bermúdez Couso representou o contacontos *A dama e a auga*.

\_\_\_\_\_, “Gala e homenaxe músico-literaria”, *Atlántico Diario/ La Región*, “*Letras Galegas 2019*”, “Verín”, “Programa”, 17 maio 2019, p. 28.

Faise eco da programación de Verín polo Día das Letras Galegas, cunha gala na que os gañadores do Certame Xosé Carlos Caneiro Pérez lerán os seus textos premiados. Ademais, a biblioteca da vila acolleu unha conferencia dedicada a Antonio Fraguas, actividade telemática que levou por nome “Antonio Fraguas: Un home do seu tempo”.

\_\_\_\_\_, “Actuacións para os máis pequenos”, *Atlántico Diario/ La Región*, “*Letras Galegas 2019*”, “Barbadás”, 17 maio 2019, p. 31.

Recolle a programación do Concello de Barbadás para a celebración do Día das Letras Galegas, informando de que a música e as actividades para as crianzas foron as grandes protagonistas dos eventos realizados entre o 8 e o 16 de maio.

\_\_\_\_\_, “Recital poético e marcapáxinas”, *Atlántico Diario/ La Región*, “*Letras galegas 2019*”, “O Carballiño”, “Programa”, 17 maio 2019, p. 26.

Indica que, no marco da celebración do Día das Letras Galegas, na Biblioteca Municipal do Carballiño houbo un obradoiro de carautas de Antonio Fraguas e unha lectura de fragmentos da obra *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao. No Centro Comercial Aberto da vila exhibese unha exposición sobre o autor homenaxeado.

**F. Freixanes**, Víctor, “Un exemplo de lealdade”, *La Voz de Galicia*, “*Antonio Fraguas. Letras galegas 2019*”, “Presidente da Real Academia Galega”, 15 maio 2019, p 3.

Loa a Antonio Fraguas, considerando que falar da súa biografía é falar da “biografía do galeguismo ao longo do século XX”. Identifícao no grupo ao que os historiadores denominan do “exilio interior”. Explica que recoñecendo a Fraguas, se homenaxea á esperanza, á resistencia, á lealdade.

\_\_\_\_\_, “Un sitio no mundo”, *Diario de Pontevedra*, p. 4/ *El Correo Gallego*, p. 2/ *El Progreso*, p. 52, “*Día das Letras Galegas. Antonio Fraguas*”, 17 maio 2019.

Apunta que a escolla da figura homenaxeada co Día das Letras Galegas depende fundamentalmente de tres aspectos: a biografía, a significación e estima da obra e a proxección social. Salienta que o 17 de maio é un día para todos, cunha gran capacidade de mobilización integradora. Tacha de demagóxico o discurso de certos sectores que afirman que se impón a lingua galega no sistema e lembra que a principal lección de Antonio Fraguas “é a lealdade a esa lingua, este patrimonio común, que avanza coma un río dende a memoria dos avós e nos dá un sitio no mundo e na modernidade”.

**Fdez.**, Brais, “A función pública defende o galego”, *El Correo Gallego*, “*Día das Letras Galegas*”, 17 maio 2019, p. 21.

Artigo con motivo da celebración do Día das Letras Galegas na Escola Galega de Administración Pública, que todos os anos organiza unhas xornadas literarias. Salienta que a EGAP mantén un servizo de publicacións en galego e que foros, tratados, normas, cursos, conferencias e diversos textos forman parte da súa biblioteca.

**Fernández**, Lorenzo, “Galicia pecha o ano dedicado a Fraguas, patriarca cultural”, *El Correo Gallego*, “*Tendencias*”, 20 decembro 2019, p. 36.

Indica que o Museo do Pobo Galego albergou o 19 de decembro un acto homenaxe a Antonio Fraguas para pechar a súa homenaxe polo Día das Letras Galegas. No acto, participaron Mercedes Rosón, Justo Beramendi, Valentín García, Rosario Álvarez, Víctor F. Freixanes e Jorge Cubelo.

**Felipe-Senén**, “Antonio Fraguas tendeu pontes que viñan de Castelao a nós”, *Sermos Galiza*, n.º 346, “*A fondo*”, n.º 218, “Especial Día das Letras Galegas”, 16 maio 2019, pp. 4-8.

Ofrece unha síntese vital de Fraguas, “un home bo e xeneroso, deses que cantamos no Himno Galego”, lembrando as súas orixes, a súa formación, as relacións con outros intelectuais da época, a súa a súa colaboración no Seminario de Estudos Galegos, a súa faceta como profesor, a súa obra, os seus discípulos e a contribución á creación do Museo do Pobo Galego.

**Fernández Cerviño**, María Xosé, “Un fillo da aldea que traballou toda a vida por amor a Galicia”, *Sermos Galiza*, n.º 346, “*A fondo*”, n.º 218, “Especial Día das Letras Galegas”, 16 maio 2019, pp. 2-3.

Artigo sobre as orixes de Antonio Fraguas no que salienta que nunca deixou de ser un neno da súa aldea e que este aspecto foi o alicerce sobre o que foi construíndo o seu traballo. Destaca que nos seus artigos en intervencións alude constantemente ao mundo rural e á tradición, tendo Cotobade como referencia

**G. N.**, “Hai que crear vasos comunicantes entre a Real Academia Galega e a xente miúda”, di Fina Casalderrey”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 1 marzo 2019, p. 36.

Recolle as declaracións de Fina Casalderrey e Víctor F. Freixanes no acto da RAG no marco do proxecto Primavera das Letras, que homenaxea a Antonio Fraguas.

**García; Montse**, “Un espectáculo teatral-musical homenaxea a Antonio Fraguas”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “FalaRedes”, 22 marzo 2019, p. L9.

Faise eco da homenaxe a Antonio Fraguas no marco da nova edición do programa de dinamización lingüística FalaRedes. Realizarase un espectáculo teatral-musical titulado *Canta, miña pedra, canta*, da man de Xoán Curiel e Charo Pita. O espectáculo chegará a catorce concellos.

\_\_\_\_\_, “Viaxe pola vida de Fraguas e a Galicia do século XX”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 16 abril 2019, p. 31.

Informa da exposición “Antonio Fraguas, memoria dun soño. Viaxe a unha Galicia orgullosa de si mesma” na biblioteca santiaguesa Ánxel Casal.

\_\_\_\_\_, “Música tradicional para Fraguas”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 4 maio 2019, p. 35.

Informa da actuación da orquestra folk SonDeSeu e doutras máis co gallo das Letras Galegas.

\_\_\_\_\_, “Un documental incide nas achegas de Antonio Fraguas á cultura galega”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 9 maio 2019, p. 35.

Informa sobre o documental sobre o autor homenaxeado, *Revisitando a Antonio Fraguas*, dirixido por Gonzalo Veloso. Ademais, indica que a RAG publicou o seu discurso de ingreso titulado *As coplas que se cantaban nas ruadas de Cotobade. Roseiras e paxariños nas cantigas dun serán*. Engade tamén que ingresou na Real Academia Galega o 8 de maio de 1656, pasando a ocupar a cadeira de Castelao, a quen lle dedicou as primeiras palabras á súa entrada.

\_\_\_\_\_, “Estudantes do IES Rosalía espallan o legado de don Antonio”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 14 maio 2019, p. 34.

Informa das actividades promovidas polo IES Rosalía de Castro para conmemorar o día das Letras Galegas.



\_\_\_\_\_, "O Museo do Pobo achega a figura de Antonio Fraguas a través do seu legado", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 15 maio 2019, p. 34.

Anuncia a mostra promovida polo Museo do Pobo Galego e maila Fundación Antonio Fraguas.

**Garrido Couceiro**, Xoán Carlos, "1936: A noite caeu sobre a Estrada", *Sermos Galiza*, n.º 346, "A fondo", n.º 218, "Especial Día das Letras Galegas", 16 maio 2019, pp. 12-13.

Artigo no que repasa o paso de Antonio Fraguas cando abandona Santiago de Compostela para instalarse na vila da Estrada, onde comeza o curso como catedrático de Xeografía e Historia no ano 1933 e onde exerce como docente até o ano 1936.

**Gómez Dorrego**, Chus, "Rosalía", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Y además", "Non tes tu fe", 4 xuño 2019, p. 14.

Sinala a importancia do coñecemento e investigación na figura de Rosalía de Castro.

**Gómez**, J., "Un 'carballo onomástico' honra a Antonio Fraguas en Fontiñas", *La Voz de Galicia*, "La Voz de Santiago", "Santiago", 9 abril 2019, p. L4.

Informa da semana cultural que se levou a cabo no IES Antonio Fraguas.

\_\_\_\_\_, "Non hai maneira de non querer a Fraguas", *La Voz de Galicia*, "Antonio Fraguas. Letras galegas 2019", "O Fraguas profesor. O legado unha vida no ensino", 15 maio 2019, pp. 2-3.

Artigo con motivo do Día das Letras Galegas no que salienta a pegada que deixou Fraguas no IES que leva o seu nome e no Rosalía de Castro. Explica tamén as actividades que organizou cada centro para festexar a efeméride.

**Gómez**, Joel, "Tras o primeiro contacto con Fraguas xa escollemos o seu nome para o IES", *La Voz de Galicia*, "La Voz de Santiago", "En primeira persona", 26 febreiro 2019, contracuberta.

Entrevista co que fora director cando se lle escolleu o nome de Antonio Fraguas para o instituto mixto de Fontiñas, en Santiago de Compostela.

\_\_\_\_\_, "Fraguas deu pé neste ano a moitos e moi diversos produtos culturais", *La Voz de Galicia*, "La Voz de Santiago", "En primeira persona", 29 agosto 2019, contracuberta.

Informa da exposición *Antonio Fraguas Fraguas. Letras Galegas 2019*, que permaneceu aberta até finais do ano 2019, e doutras iniciativas arredor deste persoeiro na biblioteca do Museo do Pobo Galego.

**González, Ana**, “Un 17-M para un intelectual que viaxou da aldea á Real Academia”, *Diario de Arousa/ Diario de Ferrol/ El Ideal Gallego*, “Galicia”, 17 maio 2019, p. 19.

Reportaxe con motivo da edición número 57 da celebración do Día das Letras Galegas na que destaca a traxectoria vital e intelectual do homenaxeado, indicando que sempre permaneceu unida á súa condición de galeguista, da cal non abdicou nunca. Lembra que durante o franquismo pasou a ser membro da Real Academia Galega, ocupando a cadeira que antes tivera Castelao. Recolle as declaracións de Anxo Lorenzo, responsábel de políticas culturais na Xunta de Galicia, e salienta a súa polivalencia non só como escritor, senón tamén como etnógrafo, antropólogo, conferenciante, investigador, xeógrafo, profesor, bibliotecario e político. Amenta tamén a pegada de Antón Losada Diéguez no pensamento de Antonio Fraguas.

**González, Clodio**, “Un contador de historias”, *Atlántico Diario/ La Región*, “*Letras Galegas 2019*”, “Obra”, 17 maio 2019, p. 8.

Sinala as obras narrativas etnográficas máis importantes de Antonio Fraguas, tales como *Romarías e Santuarios* e *Do tempo e dos astros*.

**González Pérez, Clodio**, “Fraguas: o ilustrado da cultura de Galicia”, *El Correo Gallego*, “*Día das Letras Galegas*”, 17 maio 2019, pp. 4-8.

Reproduce a biografía de Antonio Fraguas que redactou para a web da Real Academia Galega. Repasa dende o seu nacemento até a súa etapa formativa e apunta que a etapa que o propio Fraguas definía como a máis feliz da súa vida foi a época do Seminario de Estudos Galegos, cando estableceu amizade con Castelao, Otero Pedrayo, Cuevillas, Filgueira Valverde, Risco, Bouza-Brey, Xaquín e Xurxo Lorenzo. Lembra tamén a súa entrada na Real Academia Galega co discurso *Roseiras e paxariños nas cantigas dun serán (Coplas que se cantaban nas ruadas de Loureiro de Cotobade)*, repasa os seus anos ao fronte do Museo do Pobo Galego e lista os recoñecementos que foi obtendo.

\_\_\_\_\_, “Letras de Antonio Fraguas. De Loureiro a Santiago, pasando por Pontevedra”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n. 713, “Letras galegas, 2019”, 17 maio 2019, cuberta.

Repasa a biografía do homenaxeado co Día das Letras Galegas 2019.

**González Reboredo, Xosé Manuel**, “A literatura oral na vida e obra de Antonio Fraguas”, *Sermos Galiza*, n.º 346, “*A fondo*”, n.º 218, “Especial Día das Letras Galegas”, 16 maio 2019, pp. 28-31.

Artigo sobre o desenvolvemento da literatura oral na obra e na vida de Antonio Fraguas, autor consciente de que a literatura popular é unha ferramenta de transmisión de crenzas, valores e ideas. Repasa os seus escritos publicados na revista *Nós* sobre esta materia.

**Hermida, María**, “Fraguas, o ‘bo fillo’ de Cotobade”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 12 maio 2019, p.31.

Repásanse algúns datos biográficos de Antonio Fraguas Fraguas e infórmase tamén dos actos do pleno extraordinario da RAG na carballeira de Famelga.

**Hermida**, Rocío, “Antonio Fraguas, o neno de aldea que chegou a profesor”, *Diario de Pontevedra*, p. 2/ *El Progreso*, p. 38, “*Día das Letras Galegas*”, 17 maio 2019.

Breve crónica sobre a vida de Antonio Fraguas, na que destaca as súas orixes labregas e o amor que profesaba por Galicia, o que marcou a súa vida e obra. Repasa os cargos que desempeñou e as distincións que recibiu.

\_\_\_\_\_, “A Fundación Antonio Fraguas conserva e divulga a súa obra”, *Diario de Pontevedra*, “*Día das Letras Galegas*”, 17 maio 2019, p. 3.

Repasa a obra de Antonio Fraguas Fraguas e faise eco que a biblioteca e arquivo de Antonio Fraguas Fraguas consta de máis de 12000 libros e folletos e sobre 400 cabeceiras de publicacións periódicas.

**J. C.**, “La promoción del gallego tuvo su premio en O Barco”, *La Región*, “Provincia”, 21 mes 2019, p. 24.

Informa do remate da campaña *Na procura de Antón Fraguas*, cuxa finalidade era promover o coñecemento da lingua galega a través da Asociación Centro Comercial Aberto do Barco.

**J. G.**, “As letras Galegas honrarán a ética e os valores de Fraguas”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 23 febreiro 2019, p. 37.

Recolle as actividades que pretende promocionar a Xunta de Galicia para conmemorar a figura de Antonio Fraguas.

\_\_\_\_\_, “Con Antonio Fraguas desde el nacimiento a la tumba”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “*Letras Galegas*”, 13 abril 2019, p. L9.

Explica as actividades que levou a cabo o IES Antonio Fraguas para investigar e estudar a biografía e traxectoria de Antonio Fraguas.

**J. M.**, “Camariñas organiza unha gala para premiar a creatividade literaria dos seus estudantes”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da morte”, 16 maio 2019, p. 34.

Informa que a biblioteca da Laracha acolle o evento *Antón Fraguas e a festa dos monicreques*.

**J. Vázquez**, “A memoria de Antonio Fraguas, analizada por Lugo Patrimonio”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 27 marzo 2019, p. 44.

Informa da mesa redonda organizada pola asociación cultural lucense Lugo Patrimonio.

**Jaureguizar**, “A nai de Fraguas avisábao cun candil cando estaba fuxido no monte”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 24 maio 2019, p. 60.

O historiador Adolfo de Abel Vilela repasa algún dos acontecementos máis importantes da vida de Antonio Fraguas, sobre todo en 1936 e os anos seguintes.

**Jiménez**, Irene “Lembran todas as facetas de Fraguas os seus biógrafos”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 28 abril 2019, p. 40.

Enumera todas as facetas que desenvolveu Antonio Fraguas, cualificándoo coma “a ponte que cruzou todo o século pasado para situar o idioma galego ao límite da modernidade”.

\_\_\_\_\_, “Gadis edita 30.000 volumes e difunde o legado de Fraguas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 10 maio 2019, p. 43.

Informa da campaña de Gadis para a celebración do Día das Letras Galegas.

\_\_\_\_\_, “Galicia rende homenaxe a Fraguas polo día das letras”, *El Correo Gallego*, “Día das Letras Galegas”, 17 maio 2019, p. 14.

Con motivo do Día das Letras Galegas, lembra o considerábel número de monografías e publicacións do autor homenaxeado. Indica que a RAG celebrará a efeméride na carballeira de Famelga, onde ofrecerán diferentes perspectivas e o legado de Antonio Fraguas os académicos Fina Casaslderrey, Francisco Díaz-Fierros Viqueira e Clodio González Pérez. Indica tamén que o 16 de maio tivo lugar no Auditorio de Galicia o concerto homenaxe ao autor, da man da orquestra folk SonDeSeu coa agrupación de baile O fiadoiro, onde se estreou a peza *Suite Cotobade*, composta por Rodrigo Romani e Xaquín Xesteira. Informa, asemade, da inauguración da mostra *Antonio Fraguas Letras Galegas 2019* e do acto celebrado no Colexio Fonseca presidido por Antonio López, reitor da USC, en colaboración co director do Departamento de Filoloxía Galega, Francisco Cidrás Escaneo.

**L. C.**, “Andrea Pousa abre el programa de As Letras Galegas en Mos”, *Faro de Vigo*, “Val Miñor. Louriña”, “Área Metropolitana”, “Baiona. Gondomar. Nigrán. Oia. Porriño. Mos”, 16 maio 2019, p. 16.

Anuncia o concerto de Andrea Pousa no Pazo de Mos con motivo do día das Letras Galegas.

**L. P.**, “La Semana das Letras ofrece en Sarria talleres de rap y grafiti y conciertos”, *El Progreso*, “Sarria”, 4 maio 2019, p. 21.

Informa da organización do programa cultural “Semana das Letras” da concellería de Cultura do concello de Sarria.

**L. R.**, ”Cambados adica maio ás Letras Galegas cun programa de teatro, música e actividades especiais”, *Diario de Arousa*, ”Cambados”, 7 maio 2019, p. 9.

Recolle a programación para a celebración do Día das Letras Galegas no Concello de Cambados, con especial atención á lectura pública de obras de Fraguas o día 13 de xuño e o desenvolvemento da I Feira do Libro no mes de xuño.

**López, Belén**, “O insólito caso de Antón Fraguas”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 13 xaneiro 2019, p. 13.

Faise eco da publicación do segundo número da colección Polo Correo do Vento (Carlos Taboada e Enrique Mauricio, Lela Edicións), que trata sobre a vida do persoeiro Antonio Fraguas.

\_\_\_\_\_, “A RAG celebrará o pleno do Día das Letras galegas en Cercedo-Cotobate”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, 29 xaneiro 2019, p. 41.

Informa da elección do concello de Cerdedo-Cotobade como lugar no que reunirá o pleno da RAG co gallo das Letras Galegas.

\_\_\_\_\_, “Pontevedra súmase á celebración das Letras Galegas con actividades na Biblioteca Pública”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 24 febreiro 2019, p. 10.

Informa de actividades culturais promovidas pola Biblioteca Pública Antonio Odriozola de Pontevedra para conmemorar o día das Letras Galegas.

\_\_\_\_\_, “Maio, mes da lingua’ inclúe unha homenaxe a Xela Arias e o ciclo Sementinhas”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 2 maio 2019, p. 13.

Comunica as máis de corenta actividades que forman parte da programación do ‘Maio, mes da lingua’, que impulsa o concello de Pontevedra.

\_\_\_\_\_, “O Día das Letras Galegas distingue ‘o compromiso e lealdade’ de Fraguas”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Día das Letras Galegas”, 18 maio 2019, p. 12.

Informa sobre o pleno celebrado na carballeira de Famelga organizado pola Real Academia Galega en lembranza da figura e o legado de Antonio Fraguas. Recolle achegas das intervencións de Clodio González Pérez, Fina Casalderrey e Víctor Fernández Freixanes durante as súas intervencións. Coa mesma, indica que asistiron ao acto, ademais dos académicos, familiares, políticos e veciños, autoridades como o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo; o conselleiro de Cultura, Román Rodríguez; a conselleira de Educación, Carmen Pombar; o presidente o Parlamento Galego, Miguel Santalices; e a subdelegada do Goberno en Pontevedra, Marica Larriba.

**López, Laura**, “Monbus apoya las Letras Galegas y reedita una obra de Fraguas”, *La Voz de Galicia*, “Empresas”, “Mercados”, 12 maio 2019, p. 14.

Comunica que Monbus puxo en marcha unha serie de iniciativas para promover as Letras Galegas, entre elas a repartición de 2.000 marcapáxinas.

**López, Ruth**, “Antonio Fraguas alenta concertos, conferencias e actuacións en Lugo”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 15 maio 2019, p. 42.

Anuncia todas as actividades promovidas no concello de Lugo co gallo das Letras Galegas, entre elas, a actuación de Lucía Pérez, quen abriu os actos.

\_\_\_\_\_, “Cando se encebolaba nun tema de tradición ou popular era difícil sacalo”, *El Progreso*, “Día das Letras Galegas. Antonio Fraguas”, 17 maio 2019, pp. 50-51.

Artigo no que lembra a relación entre Manuel Regueiro Tenreiro e Antonio Fraguas e no que recolle manifestacións do primeiro sobre o polígrafo homenaxeado este ano.

**M. A. C.**, “Conferencia sobre Antonio fraguas e observación do Gafos, hoxe con Maio Mes da Lingua”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 3 maio 2019, p. 8.

Informa das actividades que compoñen o programa “Maio Mes da Lingua” que impulsa a concellería de Normalización Lingüística do concello de Pontevedra.

**M. C.**, “Marcos rinde tributo a Antón Fraguas con una obra sobre su biografía”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Noia. Muros”, 2 abril 2019, p. 33.

Apunta que o noiés Serafín Marcos homenaxea a Antonio Fraguas a través da obra *Quen ten un mestre etnógrafo?*, unha representación didáctica na que percorre a súa biografía.

**M. L.**, “Laxe acolle unha mostra itinerante na biblioteca sobre Antonio Fraguas”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da morte”, 15 maio 2019, p. 34.

Informa dunha exposición sobre Antonio Fraguas na biblioteca municipal de Laxe.

**M. M.**, “La exposición ‘Os nove anos de Fraguas en Lugo’ llega al IES Poeta Díaz Castro”, *El Progreso*, “A Chaira”, 21 setembro 2019, p. 18.

Informa da chegada da exposición ao instituto Poeta Díaz Castro de Guitiriz o 23 de setembro de 2019. Indica que a mostra, que foi posíbel grazas ao departamento de Política Lingüística, confórmana unha decena de paneis, un libro e unha web. Contou tamén coa

colaboración de Manuel Regueiro, Antonio Prado e antigos alumnos de Antonio Fraguas como Xulián Parga, Paco Martín ou Xulio Xiz.

**M. M. O.**, “Homenaje de Serafín Marcos en Teo al trabajo de Antón Fraguas”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Comarca de Santiago. A Barcala. Xallas”, 23 maio 2019, p. 31.

Recolle a posta en escena da peza *Quen ten un mestre etnógrafo?* de Serafín Marcos no CEIP A Ramallosa de Teo o día 23 de maio no marco da programación para a celebración do Día das Letras Galegas nesta vila.

**M. M. O./ S. E.**, “Contos, música e mostras na honra de Antón Fraguas”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 15 maio 2019, p. 35.

Faise eco das celebracións que terán lugar co gallo do Día das Letras Galegas nas vilas de Val do Dubra, Ordes, Brión, A Baña, Boqueixón, Melide e Silleda.

**Manteiga**, M., “Encontro coa Arte en Brión y concierto de la escuela de música”, *El Correo Gallego*, “Área Compostela”, “Comarca de Santiago. Barcala. Xallas”, 14 xuño 2019, p. 30.

Informa do comezo do XIV Encontro coa Arte en Brión, coa presenza de pintores, cantantes e fotógrafos. Tamén sinala o concerto de fin de curso da Escola Municipal Magariños.

**Mato**, Mar, “Un espectáculo de país”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 11 maio 2019, p. 38.

Cita a Malores Villanueva na biografía de Fraguas, explicando que é unha figura que deixou “memoria do que fomos para as xeracións futuras”. Indica tamén que se presentará un espectáculo musical que vai amosando a súa obra chamado *Amantes da terra*.

**Mariño**, A., “Ferrín reivindica as Letras galegas como unha festa 'puramente nacional”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 7 maio 2019, p. 7.

Informa da gala celebrada na Universidade de Vigo para conmemorar o Día das Letras Galegas. Nela, lembrouse á figura homenaxeada este ano e Xosé Luís Méndez Ferrín declarou que o 17 de maio “é unha verdadeira festa nacional e puramente nacional” e que “o Día das Letras Galegas non fixo nada máis dende que se creou que crecer e transformarse, incorporar á música, ás novas tecnoloxías, ao ensino e aos rapaces con actividades como Correlingua”.

**Menéndez**, Nacho G., “Dicía que dar clase é crear afección polo que se ensina e se aprende”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 7 maio 2019, p. 46.



Informa da homenaxe do antigo alumnado de Antonio Fraguas no Lucus Augusti.

**Montero**, Luis, “Comeza cos nenos de Cotobade a Primavera das Letras de Fraguas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 1 marzo 2019, p. 42.

Informa do comezo da iniciativa da Real Academia Galega “Primavera das Letras” para achegar a figura dos homenaxeados no día das Letras Galegas (neste caso, Antonio Fraguas) ao alumnado máis cativo, no concello de Cotobade.

\_\_\_\_\_, “Percorrido pola vida de Fraguas cunha exposición na Ánxel Casal”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 16 abril 2019, p. 36.

Informa da exposición “Antonio Fraguas, memoria dun soño. Viaxe a unha Galicia orgullosa de si mesma” na biblioteca santiaguesa Ánxel Casal.

\_\_\_\_\_, “CCG e Sondeseu lembran no Concerto das Letras ao Antonio Fraguas etnógrafo”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 4 maio 2019, p. 37.

Informa do tradicional concerto do Consello da Cultura Galega con motivo do día das Letras Galegas.

\_\_\_\_\_, “A etapa inicial de Fraguas nunha publicación sobre a etnografía”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 4 maio 2019, p. 37.

Informa da publicación dunha edición facsímile do Consello da Cultura Galega con 500 exemplares na que se recuperan os catro primeiros traballos de Antonio Fraguas como etnógrafo.

\_\_\_\_\_, “Antonio Fraguas, o home dos retos da vida pública e das institucións”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 15 maio 2019, p. 36.

Faise eco da inauguración da exposición *Antonio Fraguas Fraguas. Letras Galegas 2019* no Museo do Pobo Galego, nun acto que estivo presidido por Román Rodríguez, que loou a Fraguas como “home das institucións e dos retos da vida pública” polas súas achegas á cultura, arqueoloxía, xeografía, arte e etnografía. Indica que permanecerá aberta ao público até o 28 de decembro. Tamén apunta que en setembro se amosarán os traballos premiados no IX Proxecto Didáctico Antonio Fraguas no Museo e que haberá un simposio en colaboración coa RAG e o Consello da Cultura Galega.

\_\_\_\_\_, “Conmemora a USC o Día das Letras cun acto literario dedicado a Fraguas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 16 maio 2019, p. 36.

Informa da conmemoración da USC do Día das Letras Galegas cun acto literario dedicado a Fraguas e cunha mostra sobre Antonio Fraguas na biblioteca da Facultade de Xeografía e Historia

**Montero**, Tamara, “Francisco Díaz-Fierros. 'A memoria, a nosa identidade, está tamén no miúdo”, *La Voz de Galicia*, “Antonio Fraguas. Letras galegas 2019”, “Entrevista”, 15 maio 2019, p 6.

Recolle unha entrevista con Francisco Díaz-Fierros, impulsor da proposta de Antonio Fraguas para o Día das Letras Galegas na que fala sobre o polígrafo de Cotobade e sobre a importancia da antropoloxía.

\_\_\_\_\_, “Antonio Fraguas, o Indiana Jones das corredoiras que presumía de alumnos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 18 maio 2019, p. 34.

Informa do plenario das Letras Galegas da Real Academia Galega na carballeira de Famelga. Inclúense intervencións dos e das asistentes.

**Núñez Sobrino**, Ángel, “D. Antonio Fraguas, maestro de la explicación”, *El Correo Gallego*, “Día das Letras Galegas”, 17 maio 2019, p. 13.

Afirma que a obra de Fraguas é o desenvolvemento de todos os tesouros etnográficos da aldea galega, da antropoloxía cultural, dende a cultura material até a inmaterial. Salienta que o epicentro da súa identidade é o seu lugar de nacemento e lembra o seu ingreso no Seminario de Estudos Galegos, na Real Academia Galega e a dirección do Museo do Pobo Galego. Salienta como libro emblema de Antonio Fraguas *Historia del Colegio de Fonseca, MVMLVI*.

**Novo Fariña**, María Isabel, “Amantes da nosa terra”, *El Correo Gallego*, “Especial”, “Apóstol 2019”, 25 xullo 2019, p. 18.

Invita a festexar o día de Galicia, tomando como lema as seguintes palabras de Antonio Fraguas Fraguas: “ser galeguista non é máis que ser Amantes da Terra”.

**O. U. V.**, “Renfe, el Adif y la Xunta homenajean a Antonio Fraguas con exposiciones y ”soltas de libros”, *Diario de Ferrol/ El Ideal Gallego*, “Sociedad”, 15 maio 2019, p. 37.

Informa das campañas da Consellería de Turismo, Renfe e Adif para homenaxear a Antonio Fraguas.

**Ocampo**, Elena, “Freixanes: ‘O Día das Letras foi o grande invento da cultura galega do século XX”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, “Club Faro”, 16 maio 2019, p. 32.

Informa da mesa redonda do Club FARO co gallo das Letras Galegas, na que participaron Manuel Bragado, Víctor Freixanes, Malores Villanueva e Héctor Cajaraville.

**Ocampo**, Carlos, “Biografía e bibliografía en Antonio Fraguas”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de la Escuela”, n.º 1218, “Literatura”, 11 maio 2019, p. 36.

Presenta unha biobibliografía de Antonio Fraguas, lembrando que deixou unha produción de 12937 libros e folletos e máis de 399 cabeceiras de publicacións periódicas. Repasa a súa etapa formativa e a súa toma de contacto coas Irmandades da Fala e o Seminario de Estudos Galegos, así como o seu ingreso na Real Academia Galega, ocupando a cadeira que deixara baleira o seu profesor, Castelao. Finalmente, salienta os bos recordos que garda de Fraguas o seu alumnado.

**Otero Cepeda**, Encarna, “Tecidos e traxes: Patrimonio cultural”, *Sermos Galiza*, n.º 346, “*A fondo*”, n.º 218, “Especial Día das Letras Galegas”, 16 maio 2019, pp. 36-39.

Artigo sobre a faceta de Antonio Fraguas como estudoso das vestimentas tradicionais galegas, cuxo legado deixa hoxe o Premio Antonio Fraguas de Investigación sobre o Traxe Galego.

**P. A.**, “Fraguas: el cronista del pasado siglo”, *ABC*, “Galicia”, “Día de las Letras Gallegas”, 18 maio 2019, p. 69.

Informa do descubrimento dunha placa conmemorativa na escola onde aprendeu a ler Antonio Fraguas.

**P. F. E.**, “Actividades culturales por el mes de las Letras Gallegas en Nigrán”, *Atlántico Diario*, “Área metropolitana”. “Val Miñor”, 2 maio 2019, p. 19.

Faise eco das actividades culturais promovidas polo concello pontevedrés de Nigrán.

**P. O. C.**, “Fraguas, a ponte que cruza o século XX para situar o idioma ao límite da modernidade”, *La Opinión*, “Especial”, “Letras galegas”, 17 maio 2019, p. 25.

Lembra a traxectoria de Fraguas, facendo alusión á súa faceta de locutor, profesor, investigador e actor de teatro radiofónico e recolle os estudos de especialistas sobre estas facetas: Víctor F. Freixanes, Xusto Beramendi, Clodio González e Malores Villanueva.

\_\_\_\_\_, “Galicia celebra hoxe o legado do autor homenaxeado con centos de actos”, *La Opinión*, “Especial”, “Letras galegas”, 17 maio 2019, p. 26.

Artigo sobre a celebración do Día das Letras Galegas, cuxo epicentro será a vila natal de Antonio Fraguas, onde a RAG celebrará o seu tradicional pleno extraordinario, nun acto no que participarán Víctor F. Freixanes, Clodio González, Fina Casalderrey e Francisco Díaz-Fierros. En Santiago de Compostela, acolleranse tamén numerosas actividades, entre elas, no Museo do Pobo Galego, exhibirase a mostra *Antonio Fraguas Fraguas. Letras Galegas 2019* e terá lugar tamén a *Carreira Camiño das Letras*. Indica que a exposición itinerante *Antonio Fraguas. Memoria dun seño*, percorrerá 12 puntos da xeografía galega. Apunta tamén que as diferentes bibliotecas públicas galegas acollerán diversas actividades e apunta a convocatoria do VIII Certame de Relatos Breves nas categorías de xuvenil e adultos convocado por Feiraco.

**Pais, Xabier**, “A vida de Fraguas, en 10 fitos clave”, *La Voz de Galicia*, “Antonio Fraguas. Letras galegas 2019”, “Un obreiro infatigable. O fillo predilecto de Cotobade”, 15 maio 2019, pp. 4-5.

Repasa a vida de Antonio Fraguas baseándose en dez puntos chave: a primeira formación en Pontevedra, os anos na Universidade, a participación no Seminario de Estudos Galegos, a represión, o tempo en Lugo, o ingreso na Academia, a volta a Compostela, o Museo do Pobo Galego, a Fundación Antonio Fraguas e os recoñecementos públicos.

**Pereiro, Xerardo**, “A (in)utilidade da antropología galega”, *Sermos Galiza*, n.º 346, “A fondo”, n.º 218, “Especial Día das Letras Galegas”, 16 maio 2019, pp. 22-23.

Artigo no que reflexiona sobre a antropoloxía e no que defende que a antropoloxía galega deber ter un papel público e estar ao servizo das necesidades sociais de Galicia. Nel, amenta a figuras como Xaquín Lorenzo, Taboada Chivite ou Antonio Fraguas, cualificándoos como “antropólogos resistentes”.

**Pérez Díaz, Irene**, “Escritores y lectores se citan en Méndez Núñez”, *La Opinión*, “A Coruña”, 30 xullo 2019, p. 8.

Nun artigo sobre a Feira do Libro na cidade da Coruña, explica que o lema desta edición é “Máis que palabras”, en homenaxe a Antón Fraguas.

**Piñeiro, A.**, “Milladoiro pechará o Día das Letras na Chan”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Provincia”, 16 maio 2019, p. 26.

Informa da clausura das actividades do Concello de Cerdedo-Cotobade para homenaxear a Antonio Fraguas Fraguas, que incluíu un concerto de Milladorio na praza da Chan de Carballedo.

**Piñeiro, Á.**, “Cando os nenos e nenas de Cotobade decidiron loitar pola lingua galega”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 9 xuño 2019, p. 49.

Informa de diversas iniciativas levadas a cabo polo alumnado do IES de Tenorio (Cerdedo-Cotobade) co gallo das Letras Galegas 2019.

**Prada, Alba**, “Concertos e contacontos festexan as nosas letras”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 17 maio 2019, p. 35.

Informa da celebración dunha sesión de contacontos o día 16 de maio no Concello de Boiro no marco da súa programación para festexar o Día das Letras Galegas. O contacontos correu a cargo do cómico Pedro Brandariz e está baseado en varias lendas recollidas pola autor homenaxeado Antonio Fraguas.

**Prado Gómez**, Antonio, “Antonio Fraguas en Lugo: a volta á liberdade”, *El Progreso*, “Día das Letras Galegas. Antonio Fraguas”, 17 maio 2019, pp. 40-49.

Crónica detallada da estada de Antonio Fraguas en Lugo, na que debulla os fitos máis relevantes da súa faceta como docente, orador e escritor

**R.**, “Unha biografía entre ilusión e catástrofe”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 16 maio 2019, p. 53.

Entre outras achegas biográficas, advirte algunhas observacións de Víctor Freixanes sobre Antonio Fraguas.

**R. L.**, “Homenajes a Antón Fraguas, proyecciones y manifestaciones protagonizarán el Día das Letras Galegas”, *El Correo Gallego*, “Sociedad”, 16 maio 2019, p. 36.

Comunica as actividades levadas a cabo na cidade da Coruña para homenaxear a Antonio Fraguas.

\_\_\_\_\_, “Unha lectura pública en María Pita e a manifestación pola lingua centraron o Día das Letras”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 18 maio 2019, p. 11.

Informa da lectura de obras en galego por membros da corporación coruñesa e veciñanza, ademais da manifestación polo galego.

\_\_\_\_\_, “Mato, Ferreiro y Rey colocan la literatura en el centro de sus propuestas culturales”, *El Ideal Gallego*, “Elecciones 26-M”, “La campaña”, 18 maio 2019, p. 6.

Informa que, con motivo do Día das Letras Galegas, a cidade da Coruña presentouse como a “Cidade do Libro” e anunciouse unha próxima creación dun premio para publicacións relacionadas coa Coruña e redeseñar a Feira do Libro.

**R. T.**, “A Cañiza y Mondariz celebran la Semana das Letras Galegas”, *Atlántico Diario*, “Área Metropolitana”, “Condado. Louriña”, 15 maio 2019, p. 22.

Anuncia unha serie de actividades que promoven os concellos da Cañiza e de Mondariz co gallo das Letras Galegas.

**Ramos**, José M., “O Couto loa a catro bos e xenerosos na Festiletras'19”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da morte”, 13 maio 2019, p. 26.

No marco da celebración do Festiletras na aldea do Couto, Iseo A Moura resentará o contacontos *Antón Fraguas no bosque da moura* na Biblioteca Rego da Balsa.

**Ramos**, José Manuel, “Premian a escolares de Val do Dubra e Casta da Morte”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 9 outubro 2019, p. 33.

Indica que os colexios de Ponte do Porto (Camariñas) e de Bembibre (Val do Dubra), xunto o CEIP San Roque Darbo, son os gañadores do terceiro concurso Contádenos o voso Día das Letras Galegas convocado pola RAG. Presentaron tres propostas nas que se achegaron de maneira activa e orixinal ao universo vital e intelectual de Antonio Fraguas.

**Ramos**, M., ”Premios, música e contos na feta das Letras Galegas”, *El Correo Gallego*, ”Área de Compostela”, 9 maio 2019, p. 36.

Recolle a programación para a celebración do Día das Letras Galegas nos concellos da Costa da Morte, con especial atención á exposición dunha unidade didáctica sobre Antón Fraguas na biblioteca municipal de A Laracha.

**Regueira**, Susana, “Gaba á figura de Fraguas, un mestre do rural”, *La Opinión*, “Sociedad”, “Día das Letras Galegas”, 18 maio 2019, pp. 32-33.

Faise eco da homenaxe a Antonio Fraguas que tivo lugar na carballeira de Famelga onde os representantes da cultura galega, as institucións e a veciñanza do municipio, reivindicaron a súa figura e o seu legado de amor á lingua, á paisaxe e a Galicia. No acto académico, interviron Clodio González Pérez, Fina Casalderrey e Francisco Díaz-Fierros Viqueira.

\_\_\_\_\_, “Día das Letras para os mestres que deixan saber e ética”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, “Día das Letras Galegas”, “Cotobade acolle os actos do 17 de maio”, 18 maio 2019, pp. 34-35.

Informa do plenario do día das Letras Galegas en Cerdedo-Cotobade. Inclúe intervencións de académicos e académicas.

**Rendueles**, María, “Chega até A Estrada a exposición de Fraguas”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Deza. A Estrada. O Sar”, 6 xullo 2019, p. 29.

Informa da chegada á Estrada da exposición itinerante *Antonio Fraguas Fraguas. Letras Galegas 2019*, promovida polo Museo do Pobo Galego e a Fundación Antonio Fraguas Fraguas e patrocinada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.

**Requeixo**, Armando, “Antonio Fraguas e a escrita literaria”, *Diario de Arousa/ Diario de Ferrol/ El Ideal Gallego*, “Antonio Fraguas. Día das Letras Galegas 2019”, “17 maio 2019, p. 38.

Lembra a figura do polígrafo e destaca a súa monografía *Aquilino Iglesia Alvariño. Vida e obra. Escolma de textos (1986)*, os seus artigos de autores do século XVIII, de (pre)rrerurdimentistas, de comezos do século XX e de coetáneos seus. Tamén salienta as súas publicacións sobre literatura galega de tradición oral, amentando *Literatura oral en*

*Galicia, Literatura popular gallega. En torno al casamiento, embarazo y parto, Dous romances de Galicia, Aportacións ao Cancioneiro de Cotobade, La virgen en el cancionero popular gallego, Algunas cantigas del mar e Lenda e poesía popular galega.* Coa mesma, menciona os relatos publicados na Pregarra nas revistas *Cristal e Universitarios*, destacando a narración *O conto de Serafín*.

**Rodríguez, Ángeles**, "Antonio Fraguas Fraguas. Valedor da cultura popular", *O Sil*, n.º 275, "Especial Letras Galegas", "O Barco", maio 2019, pp. 18-19.

Artigo de Ángeles Rodríguez no que presenta ao homenaxeado co Día das Letras Galegas repasando a súa traxectoria como mestre, xeógrafo, arqueólogo, historiador, estudoso da cultura popular galega e intelectual que contribuíu á defensa da lingua galega.

**Rodríguez González, Román**, "Fraguas, sempre por e para Galicia", *El Correo Gallego*, "Día das Letras Galegas", 17 maio 2019, p. 3.

Con motivo da celebración do Día das Letras Galegas, lembra a figura de Fraguas, a quen considera un dos máximos protagonistas da nosa historia cultural durante o século XX. Repasa a súa traxectoria, amentando o seu compromiso galeguista e a súa relación coas Irmandades da Fala, o Seminario de Estudos Galegos, a Real Academia Galega, o Instituto Padre Sarmiento, o Consello da Cultura Galega e o Museo do Pobo Galego, explicando tamén a súa traxectoria política, dende o momento en que asumiu a secretaría do Partido Galeguista e participou xunto a Castelao ou Otero Pedrayo nos mitins a prol do Estatuto de Autonomía de Galicia até cando aceptou o nomeamento de Manuel Fraga Iribarne como Cronista Xeral de Galicia en 1992.

**S. N.**, "O día da lingua e cultura galegas", *Atlántico Diario/ La Región*, "Letras Galegas 2019", "Real Academia Galega", "Acto institucional", 17 maio 2019, p. 3.

Recolle información sobre o pleno extraordinario da RAG con motivo do Día das Letras Galegas que terá lugar na terra natal de Antonio Fraguas, en Cotobade, na carballeira de Famelga. Indica que na sesión se ofrecerán as achegas de Clodio González Pérez, Fina Casalderrey, Francisco Díaz-Fierros Viqueira e Víctor F. Freixanes.

\_\_\_\_\_, "Escritor por amor a Galicia", *Atlántico Diario/ La Región*, "Letras Galegas 2019", "Biografía", 17 maio 2019, p. 4.

Artigo no que repasa a biografía de Antonio Fraguas, dende o seu nacemento até a súa morte, destacando a súa relación co Seminario de Estudos Galegos, a Real Academia Galega e o Museo do Pobo Galego. Amais, salienta que o polígrafo doou a súa biblioteca ao Museo do Pobo Galego.

\_\_\_\_\_, "Un exemplo de resistencia", *Atlántico Diario/ La Región*, "Letras Galegas 2019", "Víctor Freixanes, presidente da Real Academia Galega", 17 maio 2019, p. 5.

Recolle as declaracións de Víctor Freixanes, presidente da Real Academia Galega, que lembrou nunha entrevista que a vida de Antonio Fraguas "é toda unha crónica do século



XX da man do galeguismo” e que “a súa biografía persoal é o discurso do galeguismo, con todos os momentos de ilusión e de catástrofe”.

\_\_\_\_\_, “Mostra do legado de Fraguas”, *Atlántico Diario/ La Región*, “*Letras Galegas 2019*”, “Museo do Pobo Galego”, 17 maio 2019, p. 15.

Informa da inauguración da exposición *Antonio Fraguas Fraguas. Letras Galegas 2019* no Museo do Pobo Galego o 15 de maio. Explica que está dividida en dúas seccións, unha dedicada á biografía do intelectual e outra centrada no seu labor como arqueólogo, xeógrafo, historiador, etnógrafo e divulgador. Apunta que, no mes de xullo, o Museo acollerá un simposio sobre Fraguas no que colaboran a RAG e o Consello da Cultura Galega.

\_\_\_\_\_, “A primeira voz da radio en Galicia”, *Atlántico Diario/ La Región*, “*Letras Galegas 2019*”, “Pioneiro”, 17 maio 2019, p. 16.

Faise eco do feito que a voz de Antonio Fraguas foi a primeira voz que se escoitou nunha emisora galega, Unión Radio Galega. O 15 de xaneiro de 1933, Fraguas recitou os versos de Fermín Bouza Brey; “Quen dera ser nao senlleira / Naquel mar non presentido / Das xa mergulladas terras!” e indica que colaborou coa emisora até que se mudou á Estrada.

\_\_\_\_\_, “Xenerosidade e implicación”, *Atlántico Diario/ La Región*, “*Letras Galegas 2019*”, “Pobra de Trives”, “Valoración”, 17 maio 2019, p. 24.

Artigo sobre a lembranza de Antonio Fraguas en diferentes entidades, a Secretaría Xeral de Política Lingüística, o Consello da Cultura Galega e o Museo do Pobo Galego, no que recolle as declaracións de Valentín García, Rosario Álvarez e Justo Beramendi.

**Sanjiao Otero**, Fco. Javier, “A fundación de D. Antonio e de tantos outros”, *El Correo Gallego*, “*Día das Letras Galegas*”, 17 maio 2019, p. 22.

Artigo no que lembra a constitución da Fundación Antonio Fraguas Fraguas, nacida o 2 de agosto de 1999 e no que repasa a súa traxectoria. Amenta que se recolle cultura material e espiritual de Galicia, especialmente de Xaquín Lorenzo Fernández, Xesús Taboada Chivite, Xosé Fernando Filgueira Valverde, Ramón Martínez López, Antonio Rodríguez Fraiz e Ramón Piñeiro López. Salienta entre os logros da Fundación o impulso á Sala da Sociedade do Museo do Pobo Galego, a instalación do ascensor no edificio de San Domingos de Bonaval e a creación do Proxecto Didáctico Antonio Fraguas Fraguas.

**Seoane**, Luís, “Dende a RAG perfilan xa a celebración da festa do 17 de maio”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 29 xaneiro 2019, p. 39.

Informan da reunión da dirección da RAG coas autoridades políticas, culturais e educativas do concello de Cerdedo-Cotobade para debuxar a homenaxe de Antonio Fraguas.

\_\_\_\_\_, “Antonio Fraguas, eido nesta semana do contido da TVG”, *El Correo Gallego*, “Medios”, 14 maio 2019, p. 53.

Informa da programación especial que se emitiu na TVG co gallo das Letras Galegas.

\_\_\_\_\_, “O ‘Día das Letras’ artella a grella de TVG e Radio Galega”, *El Correo Gallego*, “Medios”, 17 maio 2019, p. 52.

Resume a grella dos medios de comunicación públicos galegos co gallo do Día das Letras Galegas, que inclúe, entre outros, entrevistas con Víctor Freixanes, presidente da RAG, e con Malores Villanueva, biógrafa de Antonio Fraguas.

**Sequeiro, N.**, “O valedor da cultura labrega”, *ABC*, “Galicia”, Letras galegas 2018-Antonio Fraguas”, 17 maio 2019, pp. 70-71.

Recolle os datos biográficos máis salientábeis de Antonio Fraguas Fraguas. Inclúe tamén un artigo do Presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijoo.

**Sierra R.**, Xosé C., “Don Antonio Fraguas, lección moral para o nacionalismo cultural”, *Sermos Galiza*, n.º 346, “*A fondo*”, n.º 218, “Especial Día das Letras Galegas”, 16 maio 2019, pp. 24-26.

Artigo centrado no compromiso moral de Fraguas coa cultura galega, debullando o seu labor como divulgador, o seu papel no nacemento do Museo do Pobo Galego e o recoñecemento que a cultura galega lle debe ao homenaxeado por difundir o carácter diferencial da súa lingua e costumes.

**Sierra Rodríguez, Xosé C.**, “Tradutor do saber rural”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n. 713, “Letras galegas, 2019”, “Cultura popular “Antonio Fraguas”, 17 maio 2019, p. XI.

Fíxase naquelas circunstancias que atinxen maiormente á faceta de Antonio Fraguas como etnógrafo.

**T. M.**, “O Museo do Pobo Galego pecha o ano Antonio Fraguas no seu aniversario”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 29 decembro 2019, p. 33

Informa da clausura da exposición *Antonio Fraguas. Letras Galegas 2019*, organizada e promovida polo Museo do Pobo Galego. No acto, Oradaladou interpretará o *Cancioneiro de Cotobade* e estarán presentes Justo Baramendi, Valentín García, Víctor Freixanes, Mercedes Rosón, Rosario Álvarez e Jorge Cubelo.

**V. P.**, “Gincana, talleres y gastronomía en la IV Feira das Letras Galegas de Mondariz”, *Faro de Vigo*, “Área Metropolitana”, “Condado. Paradanta”, “Pontearreas. A Cañiza. As Neves. Crecente. Covelo. Arbo. Salvaterra. Mondariz. Mondariz Balneario”, 16 maio 2019, p. 14.

Anuncia a celebración da IV Feira das Letras Galegas, organizada polo concello pontevedrés de Mondariz.

**Vázquez**, Carmen, “Letras galegas”, *La Región*, “Xornal escolar”, “encadenados”, 22 maio 2019, p. 8.

Explica como se escollen os homenaxeados e as homenaxeadas do día das Letras Galegas, a historia desta efeméride e quen foi Antonio Fraguas.

**Vázquez**, J., “El paso de Antonio Fraguas por Lugo centró una conferencia”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 13 marzo 2019, p. 44.

Informa dunha conferencia de Clodio González sobre a estadía de Antonio Fraguas como profesor na cidade luguesa.

**Vázquez Monxardín**, Afonso, “O sorrir de Antón Fraguas”, *Atlántico Diario/ La Región*, “Letras Galegas 2019”, “Tribuna”, 17 maio 2019, p. 10.

Entre outros, dá algunhas pinceladas da relación do autor co homenaxeado, Antonio Fraguas.

**Vélez Latorre**, Xosé Manuel, “Tempo de Fraguas. Do Seminario de Estudos Galegos ao Museo do Pobo Galego”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n. 713, “Letras galegas, 2019”, “Historia”, “Antonio Fraguas”, 17 maio 2019, pp. II-III.

Lembra a creación do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, que naceu como cobertura da memoria do antigo Seminario de Estudos Galegos, no que interveu Antonio Fraguas, e a creación da revista *Cuadernos de Estudios Gallegos* e lembra a súa actitude ante a situación do momento. Desenvolve tamén aspectos sobre a colaboración do homenaxeado co Día das Letras Galegas na creación do Museo do Pobo Galego nos anos 70.

**Vila**, Sara, “Un velorio no Teatro Principal!”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 28 outubro 2019, p. 6.

Indica que a agrupación musical Os de Algures realizou o seu espectáculo etnográfico dedicándollo a Antón Fraguas o 27 de outubro no Teatro Principal de Pontevedra. O espectáculo teatral, chamado *Galicia insólita*, achegou detalles etnográficos sobre as crenzas máis arraigadas na cultura galega. Ademais dun velorio, representouse unha voda típica galega, así como outras situacións típicas da tradición de supersticións galegas. Apunta que a peza se creou a partir das obras de Fraguas *A Galicia insólita*, *Romarías e Santuarios* e *Cancioneiro de Cotobade*.

\_\_\_\_\_, “Todos os lugares de Antón Fraguas”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 29 decembro 2019, p. 11.

Faise eco da conferencia de Guillermo Campos o 28 de decembro no edificio administrativo da Deputación de Pontevedra na que se centrou na súa nenez, presentando os diferentes lugares polos que se movía Antonio Fraguas; a súa casa natal, o barrio de Insuela, as montañas da súa parroquia e a saída á ría de Pontevedra.

**Vilar**, Manuel, “Antonio Fraguas Fraguas: Unha sombra que agrada”, *Sermos Galiza*, n.º 346, “*A fondo*”, n.º 218, “Especial Día das Letras Galegas”, 16 maio 2019, pp. 18-20.

Reflexión sobre o traballo intelectual de Antonio Fraguas Fraguas, centrándose nos seus traballos sobre o folclore, etnografía, antropoloxía social e cultural, desenvolvendo unha antropoloxía da construción da nación galega.

**Vilela**, Adolfo de Abel, “Antonio Fraguas en Lugo”, *Sermos Galiza*, n.º 346, “*A fondo*”, n.º 218, “Especial Día das Letras Galegas”, 16 maio 2019, pp. 16-17.

Artigo sobre o período vital de Antonio Fraguas en Lugo, cidade á que chegou con 45 anos e na que desenvolveu actividade docente en centros oficiais e privados sen esquecerse do seu compromiso coa divulgación cultural.

**Villanueva Gesteira**, Malores, “Ser quen de volver camiñar”, *Sermos Galiza*, n.º 346, “*A fondo*”, n.º 218, “Especial Día das Letras Galegas”, 16 maio 2019, pp. 14-15.

Artigo no cal reflexiona sobre a repercusión que o Golpe de Estado de 1936 tivo na vida de Antonio Fraguas Fraguas, que mesmo chegou a perder a súa Cátedra de Xeografía e Historia, que non gañaría novamente até 1950. Explica que, logo da represión sufrida, decide volver a Compostela, cando xa nada quedaba das institucións das que el formara parte antes da ditadura, as Irmandades da Fala e o Seminario de Estudos Galegos. Lembra o compromiso que mantivo co galeguismo e os fitos que foi acadando durante estes anos.

\_\_\_\_\_, “Antonio Fraguas. Mestre da memoria”, *Diario de Pontevedra*, “*Día das Letras Galegas*”, 17 maio 2019, p. 8.

Repasa os seus comezos académicos e a súa continuación, con especial fincapé na súa faceta de profesor.

\_\_\_\_\_, “A memoria dos que fomos. Antonio Fraguas, mestre e roteiro”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n. 713, “Letras galegas, 2019”, “Biografía”, “Antonio Fraguas”, 17 maio 2019, p. VI.

Sínálanse algúns fitos da vida de Antonio Fraguas, con especial énfase nos fitos culturais.

**X. F.**, “O Vello dos Contos volve contar”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 15 xaneiro 2019, p. 37.

Informa da celebración dun certame de podcasts para conmemorar a figura de Xosé Mosquera Pérez, “O Vello dos Contos”, que formou parte do círculo de amizades de Antonio Fraguas.